



MODELO DE RESPUESTA PROVISIONAL **AVALIACIÓN DE MODALIDADE ONLINE EXAME 4 DE XULLO**

NOTA: Debido á modalidade en liña do exame e a aleatoriedade de preguntas e respostas, o seguinte modelo contén o contido completo das preguntas e respostas, destacando a resposta correcta en formato vermello..

A. MATERIAS COMÚNS AO EXERCICIO DA PROFESIÓN DE ABOGADO/A

1. A avogada Helena asiste a un cliente, Hernán, nunha causa penal en fase de instrución. Nun momento dado Hernán, descontento coas canles que segue a instrución, esíxelle a Helena que recuse o xuíz instructor polo motivo que lle resulte máis plausible, co obxecto de apartalo da causa ou, polo menos, atrasar a instrución. Helena cre que a recusación sería infundada e contraproducente, polo que o asesora profesionalmente en sentido contrario, pero Hernán presiónaa para que recuse o xuíz. Podería Helena desatender as instrucións do seu cliente?

- Si, pode rexeitar as instrucións de Hernán e non recusar o xuíz.

- Non, debe seguir as instrucións do cliente, pois aínda que contradigan o seu criterio profesional, é el quen decide en última instancia a actuación máis conveniente.
- Non, debe atender ás instrucións do seu cliente, facendo constar esta cuestión no escrito que dirixa ao Tribunal.
- Si, pero renunciando de inmediato á defensa e comunicándollo ao Tribunal para que lle designe a Hernán provisionalmente un avogado da quenda de oficio que o asista.

2. Rafael e Antonia son dous avogados que están a tentar chegar a unha solución extraxudicial para o conflito que enfrenta os seus clientes. En determinado momento, Rafael ve que o acordo é imposible e ten que presentar a reclamación xudicial. Que debe facer Rafael?

- Pode ou non, segundo lle conveña, comunicarlle a Antonia que dá por concluído o intento de resolución extraxudicial.
- Debe comunicarlle a Antonia a finalización das negociacións só se no procedemento xudicial de que se trate é preceptiva a intervención do avogado.

- Ten que comunicarlle á súa compañeira Antonia que concluíron as xestións extraxudiciais antes de interpoñer a reclamación xudicial.

- Non lle ten que comunicar nada a Antonia.

3. No acto do xuízo oral dun proceso civil, o avogado Ernest, ao oír a declaración dunha testemuña da parte contraria e como esta faltaba claramente á verdade para enganar ao Tribunal, sen pronunciar palabra, comezou a xesticular levando as mans á cabeza, poñendo os ollos en branco e dirixindo miradas ao Tribunal para facer ostensible a súa desaprobación. Vulnerou a dita actuación o Código Deontolóxico da Avogacía?

- Non, xa que estaba xustificada polo exercicio do dereito de defensa e non faltou ao respecto ao Tribunal nin ás partes.

- Si, xa que o dito Código non autoriza que se fagan xestos de reproche que aludan a calquera persoa que interveña no xuízo.

- Non, xa que se limitou a xestos socialmente admitidos e só se prohibe a desaprobación oral ou escrita que implique falta de respecto.
- Non, pois o Código non regula condutas que poidan afectar a unha testemuña, pero podería ser apercibido polo Tribunal por faltar á orde debida nunha vista oral.



4. Carlos é avogado de María e de Juan nun procedemento penal no que ambos son acusados dun delito de estafa cometida de común acordo contra a compañía aseguradora A PERIGOSA. Neste proceso María apropiouse de 200.000 €, pero a compañía aseguradora acúsaos a ambos de se apropiaren da referida cantidade por partes iguais. Pode Carlos exercer a defensa de María no dito procedemento?

- Si, porque a defensa de ambos non implica un conflito de intereses.
- Non, en ningún caso.
- Soamente se Juan o autoriza expresamente para iso.
- **Soamente no caso de que ambos, María e Juan, o autoricen expresamente.**

5. O cliente Manuel encargou á avogada Luisa interpoñer unha reclamación dunhas rendas impagadas por un arrendamento. Unha vez presentada a demanda, Manuel non se sente moi contento co asesoramento de Luisa e decide consultar o asunto coa avogada Isabel. En relación con esta situación:

- Isabel non pode emitir unha opinión sobre o asunto que leva Luisa salvo que a autorice a Xunta de Goberno do Colexio.
- Isabel debe declinar o asesoramento que lle pide Manuel, so pena de incorrer nunha infracción deontolóxica por deslealdade cara a outro compañeiro.
- **Isabel, antes de emitir esta opinión, poderá dirixirse a Luisa para solicitar a información que necesite.**
- Isabel, antes de emitir calquera opinión sobre o asunto, deberá pedir a Manuel que lle comunique previamente e de maneira fidedigna a Luisa o cambio de avogado.

6. Fernando traballou como avogado profesional no despacho de Saturnino durante 13 anos. Laura, avogada e con despacho propio, propúxolle a Fernando que se incorpore ao seu cadro de persoal, a condición de que Fernando lle revele feitos e datos de clientes de Saturnino:

- Fernando, unha vez abandonado o despacho de Saturnino, non ten ningunha restrición para divulgar feitos e datos de clientes de Saturnino.
- Fernando non poderá divulgar ningún feito nin dato dos clientes de Saturnino ata que transcorra o prazo de 10 anos desde o cesamento do seu traballo.
- **A obrigaón de gardar o segredo profesional por parte de Fernando permanece mesmo unha vez abandonado o despacho de Saturnino, sen que estea limitada no tempo.**
- Fernando poderá revelarlle a Laura os feitos e datos de clientes de Saturnino, a condición de que teña o consentimento dos clientes.

7. O Estatuto xeral da avogacía é unha norma:

- **Cuxo proxecto elaborou o Consello Xeral da Avogacía e foi aprobada polo Goberno, mediante real decreto, a través do Ministerio de Xustiza.**
- Elaborada e aprobada polo Consello Xeral da Avogacía, e con forza vinculante para os profesionais colexiados, pero non terceiros.
- Cuxo proxecto elaborou o Ministerio de Xustiza, con informe preceptivo do Consello Xeral da Avogacía, e foi aprobada mediante real decreto.
- Con rango de lei ordinaria, impulsada polo Ministerio de Xustiza, con informe preceptivo do Consello Xeral da Avogacía.

8. A maxistrada Raquel, en situación de excedencia voluntaria, quere defender nos tribunais o seu pai nun asunto arrendaticio. Pregunta ao seu amigo Jesús, avogado, se pode facelo e que requisitos debe cumprir ante o Colexio de Avogados. Jesús indícalle que, á parte dos trámites que precise ante o Consello Xeral do Poder Xudicial:

- Non necesita incorporarse a ningún colexio profesional, senón que abonda que lle comunique a súa intervención ao avogado da parte contraria e ao decano do Colexio de Avogados.
- Necesitaría ter aprobado o exame de acceso á profesión de avogado, nos termos establecidos na lexislación vixente, ademais de colexiarse temporalmente en calquera colexio de avogados.
- **Non precisa doutro requisito que o de ser habilitada polo decano do Colexio de Avogados para a defensa do asunto do seu pai.**
- En ningún caso pode asumir a defensa do seu pai, ao ser incompatible a súa condición de maxistrada, aínda excedente, co exercicio puntual da profesión de avogado.



9. O avogado Iván, incorporado como exercente ao Colexio de Avogados de Toledo o 2 de xaneiro de 2019, quere votar nas eleccións a membros de xunta de goberno do seu colexio que foron convocadas con data do 1 de marzo de 2019 e que se celebrará o 1 de setembro de 2019. Pode Iván votar nas eleccións conforme o que dispón o Estatuto xeral da avogacía española?

- Non, porque os colexiados non poden participar nas eleccións que se convoquen no seu primeiro ano de colexiación.
- **Non, porque aínda non leva tres meses colexiado ao convocarse as eleccións.**
- Si, pode participar como elector desde o mesmo día da colexiación.
- Si, pode participar como elector porque leva máis de tres meses colexiado ao celebrarse as eleccións.

10. Beatriz pretende colexiarse por primeira vez como avogada exercente e, aínda que reside en Valencia e vai establecer alí o seu despacho, decide facelo no Colexio de Madrid, por ser a cota mensual máis barata. Como se resolve a súa solicitude de colexiación?

- **Debe denegarse, xa que hai que colexiarse onde se ten o despacho único ou principal.**
- Debe aceptarse, pois en España rexe a liberdade de elección de colexio.
- Debe aceptarse polo principio de colexiación única.
- Debe denegarse, pois para matricularse nun colexio é necesario ter un despacho na súa demarcación.

11. Juan, titular dun despacho individual, asume a defensa dos intereses de Juana nun preito matrimonial. Para intervir nas medidas provisionais, Juan delega a súa actuación na súa amiga María José, avogada integrada nun despacho colectivo. A favor de quen se devindicarán os honorarios a cargo do cliente pola actuación nas medidas provisionais?

- **A favor de Juan.**
- A favor de María José.
- A favor do despacho colectivo no que traballa María José, sen prexuízo do réxime interno de distribución de honorarios do despacho.
- Dependerá do acordo ao que chegasen Juan e María José para o pago dos honorarios da dita actuación.

12. A firma de avogados Mirlo y Sobrinos, SA, de Talavera de la Reina, aboa unha iguala a Sofía, avogada que exerce no seu propio despacho de Santa Cruz de Tenerife, pola súa colaboración na levanza de preitos relacionados co dereito aeronáutico, no que a letrada é especialista. Tras sete anos de frutífera colaboración, na que Mirlo y Sobrinos, SA, se converteu no seu único cliente, a firma decide prescindir dos servizos da letrada, quen considera demandala por vía laboral. Indique a consideración máis correcta.

- Existe presunción de laboralidade, xa que a firma de avogados é o único cliente da letrada.
- **Non existe presunción de laboralidade, xa que a letrada desenvolve o traballo no seu propio despacho.**
- Ao tratarse dunha avogada, trátase sempre dunha relación laboral de carácter especial e a presunción de laboralidade non é necesaria.
- Non é un contrato laboral, porque debería constar necesariamente por escrito tal circunstancia.

13. Mario e Julia, avogados colexiados no Colexio de León, comparten un piso na Gran Vía de San Marcos e reparten entre os dous os gastos do alugueiro, limpeza, electricidade e internet ao cincuenta por cento. O primeiro dedícase exclusivamente a asuntos civís e Julia a temas laborais e contencioso-administrativos. Na entrada do despacho figuran dúas placas co nome de cada un. Juan, cliente de Mario, que se viu prexudicado por non ter presentado a contestación a unha demanda de xuízo verbal, encárgalle á avogada Silvia presentar a demanda. En caso de esta ser viable, contra quen debería presentar a demanda?

- Contra Mario e Julia, de forma solidaria, xa que ao compartiren o mesmo despacho están a exercer de forma colectiva, e por tanto a responsabilidade é de ambos.
- **Contra Mario exclusivamente porque compartir local, instalacións ou servizos sen identificación conxunta ante a clientela non implica a perda de condición do exercicio de forma individual.**
- Contra Mario e Julia, solicitando en primeiro lugar a condena de Mario, como responsable directo do prexuízo causado, e subsidiariamente contra ambos solidariamente ao exerceren no mesmo despacho.
- Contra Mario e Julia, de forma mancomunada ao cincuenta por cento cada un por ser esa a porcentaxe de participación de cada un nos gastos de alugueiro, limpeza etc.



14. María vai exercer a avogacía por conta allea no despacho do seu tío e quere darse de alta na Mutuabilidade Xeral da Avogacía. É iso posible?

- Non, dado que ao traballar por conta allea as súas contingencias están cubertas polo Réxime Xeral da Seguridade Social, no que será dada de alta.

- Si, e ademais obrigatorio, independentemente de se actúa por conta propia ou allea.

- Si, como complemento ás prestacións que terá da Seguridade Social.

- Non, porque ao traballar por conta allea ten que darse de alta no Réxime Xeral da Seguridade Social ou no Réxime Especial de Traballadores Autónomos.

15. Mónica exerce a avogacía e elixiu a afiliación a unha mutuabilidade de previsión alternativa ao Réxime Especial de Traballadores Autónomos (RETA) para a cobertura da previsión social. Pregúntase se está incluída no Sistema Público de Saúde, para os efectos de obter asistencia sanitaria.

- Non, debe contratar un seguro privado en todo caso.

- Si, está incluída no Sistema Público de Saúde mentres os seus ingresos sexan inferiores a 100.000 €.

- Si, está incluída no Sistema Público de Saúde independentemente dos seus ingresos.

- Non, para iso debeu optar polo RETA.

16. O avogado Alberto, titular dun despacho individual sito en Marbella, recibe dun cliente, Eduardo, funcionario do Concello con dez anos de antigüidade, o encargo de asesoralo na compravenda dun local comercial na Costa do Sol, valorado en 360.000 €, para o que hai que dar un sinal de 30.000 € e escriturar no prazo dun mes. Eduardo manifesta que quere investir os seus pequenos aforros conseguidos co seu soldo de funcionario e necesita pedir unha hipoteca a longo prazo para financiar a operación. Alberto contacta co vendedor, prepara a documentación e xestiona un crédito hipotecario, pero Eduardo págalle ao comprador os 30.000 € e comunícalle a Alberto que desista do préstamo, porque aboará ao contado e sen necesidade de financiamento o resto do prezo o mesmo día da sinatura. Ten algunha obrigaón ao respecto Alberto, en relación co branqueo de capitais?

- Si, debe comunicar a operación ao Servizo Executivo da Comisión de Prevención do Branqueo de Capitais e Infraccións Monetarias.

- Non, xa que os avogados e procuradores non son suxeitos obrigados na Lei de prevención do branqueo de capitais e prevención do terrorismo cando actúan en representación dun cliente.

- Non, xa que os avogados son suxeitos obrigados, pero por excepción non están suxeitos ao deber de comunicación cando asisten xuridicamente ao seu cliente, segundo a Lei de prevención do branqueo de capitais e prevención do terrorismo.

- Non, xa que actúa baixo segredo profesional, pois a súa intervención é en calidade de avogado.

17. Marta, avogada experta en laboral, envía o seu currículo a directivos e directivas de empresas do sector agropecuario, cuxos datos de contacto obtivo a través das súas páxinas web corporativas, para ofrecer servizos de asesoramento a persoal directivo. Está lexitimada para facelo?

- Si, xa que os sacou da web corporativa e trátase de datos públicos.

- Non, xa que só podería ofrecer estes servizos á persoa xurídica, non a título individual ao persoal directivo.

- Si, trátase dos seus datos persoais, co cal pode enviarllos a quen queira.

- Non, salvo que a empresa estea situada dentro da Unión Europea.

18. O avogado Francisco de Borja recibe o encargo de tramitar unha demanda de responsabilidade extracontractual contra unha construtora, por parte de Manuel, un peón que resultou lesionado grave por caída de materiais da obra cando paseaba pola rúa. Esquecendo que a acción prescribía no prazo dun ano desde o accidente, Francisco de Borja dedicou varios meses a estudar a viabilidade da acción e a preparar a documentación do caso. Cando presentou a demanda, a parte contraria invocou a prescrición da acción, polo que a sentenza foi desestimatoria e as custas impuxéronse ao seu cliente. Puido cometer Francisco de Borja algún delito?

- Si, un delito de deslealdade profesional por imprudencia grave.

- Non, sen prexuízo da responsabilidade civil en que incorrese.

- Si, e ademais unha infracción disciplinaria moi grave, por cometer un delito no exercicio da súa profesión.

- Non, pero si unha infracción disciplinaria moi grave por negligencia.



19. Carlos, avogado, presenta unha queixa no Colexio de Avogados de Lucena contra a súa compañeira María por lle facilitar ao xulgado copia da correspondencia mantida entre eles. Incoado e tramitado o expediente, e antes da proposta de resolución, Carlos decide retirar a denuncia e manda un correo electrónico en tal sentido ao Colexio. Que é o que ten que facer o Colexio?

- Arquivar o expediente de plano e sen máis trámite, por carencia de obxecto.
- Continuar o expediente ata a súa resolución, que terá que ser necesariamente absoluta pola desistencia do denunciante.
- **Continuar co expediente ata a súa resolución, que debe ser motivada en caso de ser sancionadora.**
- Arquivar o expediente, dada a condición de interesado do denunciante.

20. Os colexios de avogados da Comunidade Autónoma de Galicia organizan unha liga de fútbol como actividade lúdica. No partido da final, que se celebra en Santiago de Compostela, e nun lance do xogo, os avogados Leo e Cristian encerállanse nunha discusión, con intercambio de cualificativos que exceden os límites da liberdade de expresión. Ao día seguinte, ambos presentan nos seus respectivos colexios senllas queixas, poñendo no seu coñecemento os feitos. Indique a consideración máis correcta:

- As queixas deben tramitarse no Colexio de Avogados de Santiago, por ser o competente por razón do territorio.
- As queixas deben tramitarse no colexio que corresponda a cada avogado denunciado.
- **As queixas non deben tramitarse como infraccións administrativas, ao non teren a feitos relación coa actividade profesional.**
- É preciso realizar un labor de mediación por parte do Colexio de Santiago de Compostela, antes de iniciar un expediente.

21. Pere e Montserrat deciden crear unha sociedade profesional para o exercicio da avogacía, especializada en violencia de xénero. A súa actividade é o asesoramento e defensa en xuízo das mulleres maltratadas. Pregúntanse se será necesario algún tipo de cobertura da súa posible responsabilidade profesional.

- Non precisan cubrir a súa responsabilidade profesional, dado que a actividade á que se dedicarán non implica un risco susceptible de xerar responsabilidade civil.
- Deben ter cuberta a responsabilidade profesional da sociedade en contía adecuada aos riscos que implique, na forma que estimen oportuna.
- **Necesariamente a sociedade profesional debe contratar un seguro de responsabilidade civil.**
- Debe cubrir cada un deles a súa responsabilidade profesional individual, ben mediante un seguro, ben afianzando ou depositando as cantidades ás que tivesen que facer fronte en contía adecuada ao risco que asuman.

22. Consciente da súa obrigaçión de asegurar a súa responsabilidade civil profesional, o avogado penalista Daniel acode a unha corretaxe para pedir orzamentos. O corredor pregúntalle que cantidade quere que cubra o seguro.

- Un mínimo de 100.000 €.
- Un mínimo de 500.000 €.
- Non hai límites nin normas, a contía é de plena elección do asegurado.
- **A contía adecuada aos riscos que implique o exercicio.**

23. Inmaculada e Iratxe exercen a avogacía por conta propia, a primeira especializándose en dereito civil e a segunda en dereito penal. Como teñen unha relación de amizade, subscriben un pacto polo cal, no caso de que recomenden os servizos da outra a futuros clientes, a beneficiada pagaralle á súa amiga unha comisión se o cliente finalmente contrata os seus servizos. O pacto pode cumprirse?

- Si, a condición de que non supoña un incremento da minuta que a avogada presente ao cliente que recibiu a recomendación.
- Non, pois en ningún caso poderá pagarse, esixir nin aceptar comisións por enviarse clientes ou recomendarse a posibles clientes futuros.
- **Non, salvo que se informe ao cliente desta circunstancia.**
- Si, dado que non é contrario a ningunha norma deontolóxica relativa a honorarios nin á libre competencia.



24. Benito, que gañou un procedemento xudicial, recibe da súa compañeira Fortunata, avogada da parte contraria, a suma de 40.000 € como pagamento do importe da condena imposta ao seu cliente. Antes de lle entregar ao seu cliente esta cantidade, Benito deduce dela o importe dos honorarios que xa tiña acordados co seu cliente. É correcta a actuación de Benito?

- Non, porque non pode deducir os seus honorarios de fondos que non son seus, salvo que o pactara expresamente co seu cliente.

- Si, porque xa acordara os honorarios co seu cliente.

- Si, porque é unha compensación de débedas líquidas, vencidas e esixibles.

- Non, porque os avogados non poden nunca cobrar cantidades en nome dos seus clientes.

25. Alberto é avogado en exercicio e interveu nun procedemento no que o seu cliente foi condenado en custas. A parte contraria solicitou a taxación de custas e estas foron taxadas pola letrada da Administración de Xustiza. Que opcións procesuais pode valorar Alberto, en favor do seu cliente?

- Pode impugnar as custas por excesivas.

- Pode impugnar as custas por indebidas e excesivas.

- Pode impugnar as custas por excesivas e, subsidiariamente, indebidas.

- Pode impugnar as custas por indebidas.

26. Yolanda inicia a súa actividade como avogada por conta propia. Que tratamento teñen os seus beneficios no imposto sobre a renda das persoas físicas (IRPF) e que fiscalidade debe aplicar ás facturas de honorarios en relación co imposto sobre o valor engadido (IVE)?

- Tributará polo IRPF, como rendas do traballo, e aplicará o IVE do 21%, salvo os servizos prestados na quenda de oficio.

- Tributará polo IRPF, como rendementos de actividades económicas, e aplicará o tipo xeral do IVE, salvo os servizos prestados na quenda de oficio.

- Tributará polo IRPF, pero non está obrigada a tributar polo IVE se non constitúe unha sociedade profesional.

- Tributará polo IRPF e debe aplicar o IVE reducido do 7%, incluídos os servizos prestados na quenda de oficio.

27. Juan, Fernando e Ascensión, avogados, son socios fundadores da sociedade profesional JUFERAS. Esa sociedade contrata directamente cos clientes que solicitan os servizos de asistencia xurídica, que lles serán prestados, individualmente, por cada un dos tres socios. Deben darse de alta Juan, Fernando e Ascensión no imposto de actividades económicas?

- Si, sempre, dado que actúan profesionalmente e van percibir uns ingresos pola dita actividade.

- Non, nunca, xa que están integrados nunha sociedade profesional.

- Si, no relativo aos casos que a sociedade lles asigne.

- Non, cando as súas actuacións se realicen exclusivamente a nome de JUFERAS.

28. O 20 de decembro de 2019, Rocío denuncia que foi vítima dunha agresión sexual por autor descoñecido, na localidade de Orgaz. O atestado preséntase no Xulgado de Garda de Orgaz, número 1, que o remite ao Decanato para a súa repartición. O 1 de xaneiro de 2020, en aplicación das normas provisionais de repartición aprobadas pola Xunta de Xuíces, o Decanato reparte a denuncia ao Xulgado número 3, cuxa creación e posta en funcionamento tivo lugar ese mesmo día. O 15 de febreiro é detido Adalberto como suposto autor do delito e presentado ante o Xulgado número 3. O seu avogado considera se poderá impugnar a competencia dese xulgado para instruír a causa, por vulneración do dereito ao xuíz ordinario predeterminado pola lei:

- Non, xa que o citado dereito se refire ao órgano de axuízamento, non ao instrutor.

- Non, xa que o relevante é que o asunto sexa coñecido por un xulgado de instrución competente por razón do territorio, sen que as normas de repartición afecten ao dereito fundamental concernido.

- Si, xa que o xulgado competente sempre debe ser o que estaba de garda o día dos feitos.

- Si, xa que o órgano xudicial non existía cando sucederon os feitos e se puxeron en coñecemento dos xulgados de Orgaz.



29. Magdalena, auxiliar da empresa LINGOTERA, SL, presentou contra esta unha demanda por despedimento improcedente. O órgano de instancia emprazou a demandada enviándolle unha notificación por correo electrónico nun enderezo habilitado, a pesar de que a normativa da xurisdición social obriga a facer o primeiro emprazamento no domicilio da demandada, que constaba nos autos. LINGOTERA non retirou a citación, non compareceu e foi condenada en rebeldía. Tras esgotar os recursos xurisdicionais da orde social e un incidente de nulidade de actuacións, LINGOTERA pregúntanos se pode acudir con posibilidades de éxito ao Tribunal Constitucional en amparo:

- Si, porque con carácter xeral o Tribunal Constitucional pecha o sistema de recursos da xurisdición ordinaria e revisará a regularidade da citación.
- Non, só pode acudirse en amparo por vulneración dos dereitos fundamentais das persoas físicas, non xurídicas.
- **Si, pode denunciar a vulneración do dereito á tutela xudicial efectiva, na súa vertente de acceso ao proceso.**
- Non, porque o dereito á tutela xudicial efectiva non resulta vulnerado por un posible emprazamento ou citación irregular.

30. O Decano do Colexio de Avogados de Mataró eleva un escrito ao Ministerio de Xustiza coa petición de que un dos xulgados de instrución se transforme nun xulgado do social, dada a baixa carga de traballo dos órganos da dita orde e as necesidades da orde social no partido xudicial. É posible que o Goberno poida acordar esta transformación?

- **Si, mediante real decreto, por proposta do Ministro de Xustiza, previo informe do Consello Xeral do Poder Xudicial e previa audiencia con carácter preceptivo da Comunidade Autónoma de Cataluña.**
- Si, mediante orde ministerial, oído o Concello de Mataró e con informe favorable do Consello Xeral do Poder Xudicial.
- Non, xa que só pode transformarse un xulgado dunha clase noutra, na mesma sede, mediante acordo do Pleno do Consello Xeral do Poder Xudicial.
- Non, xa que só pode transformarse un xulgado dunha clase noutra modificando a Lei de demarcación e planta xudicial.

31. O Xulgado de Instrución número 4 de Melilla dita unha resolución pola que inadmite a interposición de recurso de apelación ante a respectiva Audiencia Provincial. Adolfo, avogado da parte recorrente, desexa interpoñer recurso de queixa ante a sección correspondente da Audiencia. Ante que Sección e Audiencia deberá interpoñer o recurso de queixa?

- Sección Primeira da Audiencia Provincial de Sevilla.
- Sección Sexta da Audiencia Provincial de Cádiz.
- Sección Terceira da Audiencia Provincial de Huelva.
- **Sección Oitava da Audiencia Provincial de Málaga.**

32. John, cidadán británico residente en Londres, alúgalle a unha empresa domiciliada no Reino Unido unha vivenda situada na localidade de Benalmádena, co propósito de residir nela os dous próximos anos. No dito contrato inclúese unha cláusula de submisión expresa aos tribunais do Reino Unido, con exclusión dos de calquera outro país. Aos poucos meses de habitar a vivenda xorden discrepancias coa arrendadora e John pregúntalle ao seu avogado español se é posible resolvelas nos tribunais españois ou debe acudir ao Reino Unido. O seu avogado indícalle que:

- Non, deberá acudir aos tribunais do Reino Unido, dado que existe unha cláusula de submisión expresa, subscripta cando ambas as partes contratantes residían no Reino Unido.
- Si, poderá acudir aos tribunais españois, dado que ao ser residente en España non está vinculado por ningunha cláusula de submisión expresa a outros tribunais.
- Non, deberá acudir aos tribunais do Reino Unido, dado que ambas as partes son de nacionalidade británica e a demandada reside no Reino Unido.
- **Si, deberá acudir aos tribunais españois, ao recaer o contrato sobre un inmovible e non producir efectos ante os tribunais españois, neste caso, a cláusula de submisión expresa.**



33. A sociedade ALJUBERA, SL, atópase declarada en concurso polo Xulgado do Mercantil número 3 de Madrid. Vixente o concurso, prodúcese unha prema da Seguridade Social por causa dunha débeda da empresa, que dá lugar a un embargo administrativo. Ante esta situación, Alfredo, avogado da concursada, solicita ao Xulgado o levantamento do embargo e este acórdao, ao cal se opón a Administración. Que órgano resolverá este conflito?

- Prevalece, en calquera caso, a decisión do Xulgado, ao estarse exercendo a potestade xurisdiccional, sen prexuízo de que a Administración poida interpoñer os recursos devolutivos que procedan ante o superior xerárquico.

- Unha Sala especial do Tribunal Supremo formada polo Presidente do Tribunal Supremo, os Presidentes de Sala e o maxistrado máis antigo e o máis moderno de cada unha delas.

- Un órgano colexiado constituído polo Presidente do Tribunal Supremo, que o presidirá, e por cinco vogais, dous dos cales serán maxistrados da Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Supremo, designados polo Pleno do Consello Xeral do Poder Xudicial, e os outros tres serán Conselleiros Permanentes de Estado, actuando como Secretario o de Goberno do Tribunal Supremo.

- Unha sala do Tribunal Supremo formada polo Presidente do Tribunal Supremo, que a presidirá, dous maxistrados da Sala do Tribunal Supremo da orde xurisdiccional en conflito e dous maxistrados da Sala do Contencioso-Administrativo, todos eles designados polo Pleno do Consello Xeral do Poder Xudicial.

34. Nun preito sobre a validez dunha cláusula hipotecaria, o avogado da parte demandante expón ante o xuíz de primeira instancia dúbidas sobre a interpretación dunha normativa comunitaria que considera aplicable ao caso. Ante esa cuestión, o xuíz de primeira instancia:

- Poderá pedir ao Tribunal de Xustiza da Unión Europea que se pronuncie sobre ela, se estima necesaria unha decisión ao respecto para poder emitir a súa resolución.

- Aplicará o dereito comunitario na forma que estime axustada a dereito, debendo formularse a cuestión prexudicial cando a causa chegue a un órgano cuxas decisións non sexan susceptibles de ulterior recurso xudicial de dereito interno.

- Deberá pedir ao Tribunal de Xustiza da Unión Europea que se pronuncie sobre ela, para que fixe a doutrina aplicable ao caso, antes de ditar sentenza definitiva.

- Aplicará o dereito na forma que estime oportuna, pero trasladará a cuestión ao Goberno por se interesa suscitar unha cuestión interpretativa ante o Tribunal de Xustiza da Unión Europea.

35. Tras esgotar os recursos de dereito interno, o avogado Gabriel, en defensa dos intereses de Inés, formula unha demanda ante o Tribunal Europeo de Dereitos Humanos por carecer a súa representada dun recurso de apelación contra unha sentenza civil sobre un xuízo verbal de contía inferior a 3.000 €. Un xuíz único, de nacionalidade belga, declara inadmisíbel a demanda. É iso posible e cabería algún recurso?

- Non, a demanda individual debe ser examinada sempre por un comité de tres xuíces no caso de que deba declararse inadmisíbel.

- Si, cando a dita decisión non requira un exame máis detido por ser clara e manifestamente inadmisíbel, sendo a súa decisión definitiva.

- Si, cando a dita decisión non requira un exame máis detido por ser clara e manifestamente inadmisíbel, sendo a súa decisión recorrible ante a Gran Sala.

- Non, para que o xuíz único declare unha demanda inadmisíbel debe ser da mesma nacionalidade que a do Estado demandado.

36. Benedicto é detido por un suposto delito de furto. En dependencias policiais formula unha solicitude de hábeas corpus por entender a detención inxustificada e desproporcionada. O xuíz competente, tras oír ao Ministerio Fiscal, inadmite a trámite o hábeas corpus por estimar que, segundo o atestado, había indicios claros da comisión do delito. Benedicto finalmente é asistido de avogado e posto en liberdade tras declarar no xulgado, e pregúntalle ao seu avogado se pode recorrer contra a decisión de inadmisión a trámite do hábeas corpus.

- Si, en reforma e subsidiaria apelación, como calquera resolución ditada no proceso penal, antes de acudir ao amparo.

- Non, é unha decisión irrecorrible ante a xurisdición ordinaria e a constitucional.

- Si, pode recorrer en amparo ante o Tribunal Constitucional.

- Non, podería ter recorrido de manterse privado de liberdade pero non agora, dado que o recurso perdeu o seu obxecto.



37. Nun proceso por tráfico de drogas, que se atopa en fase de cualificación, a avogada Estefanía advirte a posible nulidade por falta de motivación do auto de intervención telefónica, por vulneración do segredo das comunicacións. Desexa alegar a dita vulneración para que produza os efectos oportunos no proceso. Cando e ante que órgano podería facelo?

- Ante o mesmo xulgado ou tribunal competente para o axuizamento, pedindo a nulidade da proba obtida con vulneración de dereitos fundamentais, no propio escrito de cualificación ou como cuestión previa.

- Ante o xulgado ou tribunal sentenciador, pero soamente contra a sentenza definitiva, ao exercitar o recurso correspondente contra ela.
- Unicamente en vía de amparo constitucional, por vulneración de dereitos fundamentais e liberdades públicas, ao ser o Tribunal Constitucional o único competente en defensa de tales dereitos.
- Unicamente en vía de amparo constitucional, por vulneración de dereitos fundamentais e liberdades públicas, sempre que o contido do recurso xustifique unha decisión sobre o fondo por parte do Tribunal Constitucional en razón da súa especial transcendencia constitucional.

38. Juan Carlos desexa demandar a súa empregadora, FYLACTERIA, SA, porque lle modificaron as súas condicións laborais, ao seu xuízo indebidamente. A súa avogada Coral recoméndalle tentar unha mediación conforme a Lei 6/2012 e por ese motivo presenta unha solicitude de mediación, designando a institución que desexa que efectúe a mediación. Esa solicitude:

- Suspende a prescrición ou a caducidade de accións desde a data na que conste a recepción da dita solicitude polo mediador, ou o depósito ante a institución de mediación se é o caso.
- Suspende a prescrición ou a caducidade de accións, pero se no prazo de quince días naturais contados desde a recepción da solicitude de inicio da mediación non se asinase a acta da sesión constitutiva, reiniciarase o cómputo dos prazos.
- Suspende o cómputo dos prazos, pero Juan Carlos debe interpoñer a demanda simultaneamente á solicitude de mediación.

- Non terá ningún efecto sobre os prazos de caducidade ou prescrición da acción.

39. PuntoGal, entidade xestora do dominio “.gal”, recibe unha reclamación da empresa Avogados Reunidos, SL, dado que José, un antigo avogado que traballaba na firma e que se encargaba da xestión da tecnoloxía, ao reservar o dominio avogadosreunidos.gal para a sociedade púxose a si mesmo como contacto rexistrante e négase agora a ceder a claves e/ou transferilo. PuntoGal propón á empresa reclamante unha mediación a través do servizo de mediación do Colexio de Avogados da Coruña, ICACOR Media, con quen ten un convenio de colaboración. A empresa acepta e o citado servizo envía a invitación a José. Debe este someterse ao procedemento de mediación?

- José está obrigado a aceptar o inicio da mediación, pero non a chegar a un acordo.
- José está obrigado a chegar a un acordo co seu socio a través da mediación.
- José debe negarse á mediación xa que non é posible iniciala nestes casos.

- José pode aceptar libremente iniciar a mediación ou non, así como desistir en calquera momento

40. No curso dunha complexa relación contractual, na cal se compensan os servizos prestados mutuamente, a empresa ALTAMIRO, SL reclama a PATRONIMIC, SA, unha factura impagada de 27.000 €. Despois de diversas negociacións nas que non se chega a un acordo, ALTAMIRO presenta un requirimento extraxudicial por importe de 23.475,20 €, que PATRONIMIC rexeita. E entón ALTAMIRO presenta unha demanda civil contra PATRONIMIC na que reclama a suma de 27.000 € con xuros moratorios desde o impago da factura. O administrador de PATRONIMIC, dada a dificultade probatoria das súas obxeccións á factura, pregúntalle ao seu avogado se podería alegar algunha causa legal para que a reclamación se reduza á suma do requirimento inicial:

- Non, xa que as pretensións das partes son as que se fixan na demanda e a contestación e non en trámites previos.

- Si, por ser a reclamación dunha suma superior contraria ao principio da boa fe.

- Non, xa que foi a demandada quen vulnerou as regras da boa fe ao non acceder ao requirimento.
- Si, pode alegar que a suma inferior foi froito dunha transacción.



41. O avogado Willie, que defende un cliente nun preito civil sobre responsabilidade extracontractual cuxa contía é de 12.000 €, sabe por un compañeiro que o xuíz de instancia ten criterios xurídicos que non favorecen a súa pretensión. Coa finalidade de apartalo do asunto e sen fundamento ningún, formula unha recusación contra el afirmando ter coñecemento extraprocesual de que mantén relacións sentimentais coa avogada da parte demandada. No incidente de recusación, que é rexeitado, o xuíz informa de que tal feito é falso e reprocha ao recusante que se base en meros rumores. De novo Willie presenta unha recusación contra o xuíz, esta vez por inimizade manifesta, baseándose nos termos do informe de recusación. O xuíz:

- Deberá apartarse do coñecemento do asunto, dado que se excede nos termos empregados ao informar sobre a súa recusación.

- Deberá dar trámite ao incidente de recusación, tal e como fixo na primeira ocasión, sen prexuízo do contido do seu informe.

- Poderá rexeitar fundadamente a recusación e ademais impoñer á parte, en peza separada, unha multa dun máximo de 4.000 €.

- Poderá rexeitar fundadamente a recusación e, ao tratarse de conduta imputable a un profesional, limitarase a dar traslado ao colexio profesional correspondente por se puidese proceder a imposición dalgún tipo de sanción disciplinaria.

42. Os actos procesuais serán nulos de pleno dereito:

- Cando se produzan por ou ante tribunal con falta de xurisdición ou de competencia obxectiva ou funcional.

- Cando se realicen por erro.

- Cando se prescinda de normas esenciais do procedemento.

- Cando se realicen sen intervención de procurador, nos casos en que a lei a estableza como obrigatoria.

43. O avogado Juan asume a dirección dun preito civil no que xa se celebrou unha audiencia previa. Ao examinar os autos comproba que, por problemas técnicos, a vista non foi obxecto de gravación e que se celebrou sen a preceptiva intervención do letrado da Administración de Xustiza. Á vista de tal situación, Juan:

- Non poderá formular ningunha alegación, xa que a defensa letrada do seu cliente non formulou protesta.

- Non poderá formular ningunha alegación, xa que non se derivou ningunha indefensión para o seu cliente.

- Só poderá facer valer a nulidade de actuacións por medio dos recursos establecidos na lei contra a sentenza definitiva que se dite.

- Poderá instar o tribunal, antes de que recaia sentenza definitiva, para que declare a nulidade da devandita actuación procesual e as que se deriven dela.

44. A sociedade CONSTRUCCIÓN ARGIMIRO, SL, presenta unha demanda civil en reclamación de 5.000 € contra o matrimonio formado por Juana e Francisco, polo impago das obras de reforma da súa vivenda. Na contestación á demanda, Juana e Francisco presentan un documento supostamente asinado polo anterior administrador da sociedade, o defunto Argimiro Rodríguez, no que recoñece que percibiu 2.500 € e renuncia a cobrar o resto da factura por existiren defectos na execución da obra. Os novos administradores querélanse por falsidade contra Juana e Francisco e un vulgado de instrución incoa unhas dilixencias penais. Acreditada polas partes a admisión da querela e a incoación do proceso penal, o tribunal civil:

- Poñerá en coñecemento do Ministerio Fiscal a suposta falsidade, mediante providencia, por se houber lugar ao exercicio da acción penal, sen suspender o proceso.

- Acordará a suspensión, mediante auto, unha vez que o proceso estea pendente só de sentenza.

- Acordará a suspensión do proceso, mediante auto, sen esperar á conclusión do procedemento.

- Non acordará a suspensión, ou o letrado da Administración de Xustiza alzará a que aquel tivese acordado, se a parte demandante renunciar ao documento.

45. Nun proceso civil, a parte demandada achega un documento que o demandante sospeita que é falso. O demandante presenta unha querela, que é admitida, e pídelles ao tribunal civil que suspenda o preito mentres se resolve o proceso penal. O tribunal civil decide, mediante a resolución correspondente, non suspender o curso das actuacións. Que recurso podería interpoñer o demandante contra esta decisión?

- Recurso de reposición.

- Recurso de apelación.

- Non cabe recurso, pero si a posibilidade de reiterar a petición en segunda instancia ou durante a tramitación dos recursos extraordinarios.

- Recurso de revisión.



46. A avogada Carla asiste a Miroslaw, de nacionalidade polaca, nunhas dilixencias urxentes de xuízo rápido, por designación da quenda de oficio. Ao ter claro que Miroslaw é unha persoa de recursos escasos, instao a que asine a solicitude para tramitar a asistencia xurídica gratuíta, pero Miroslaw, por desconfianza, rexeita asinala. Que pode facer Carla para que se tramite a petición?

- Nada, xa que a solicitude de asistencia xurídica gratuíta é absolutamente persoal, sen prexuízo de que Carla minute a Miroslaw os seus servizos profesionais.
- Asinar ela mesma a solicitude de asistencia xurídica gratuíta, facendo constar que o interesado se nega a iso.
- **Solicitar unha certificación ao letrado da Administración de Xustiza na que consten as circunstancias da negativa e posible dereito á asistencia xurídica gratuíta, co fin de que continúe a tramitación.**
- Nada, xa que ao ser designada pola quenda de oficio se aboará a asistencia durante todo o proceso, sexa ou non Miroslaw beneficiario da asistencia xurídica gratuíta.

47. Inmaculada, avogada incorporada á quenda de oficio do Colexio de Zamora, recibiu unha designación dun beneficiario de xustiza gratuíta para interpoñer unha demanda por unha intromisión ilexítima no dereito ao honor. Inmaculada presentou unha demanda na que reclamaba unha indemnización por danos morais de 500.000 €. Unha vez ditada a sentenza, acóllese a demanda, fixando a indemnización en 30.000 €, sen condena en custas. Inmaculada e o perito que actuou no preito por instancia do cliente de Inmaculada calculan as minutas dos seus honorarios, que ascenden en total a 13.500 €. Poden Inmaculada e o perito reclamar os seus honorarios ao beneficiario de xustiza gratuíta?

- Non, ela percibe os seus honorarios da Administración con independencia do resultado do procedemento.
- Si, o beneficiario, dado que obtivo unha indemnización superior ao importe das minutas, vén obrigado a pagar integramente os honorarios profesionais causados na súa defensa.
- **Si, pero co límite da terceira parte do que se obtivo no preito, atendéndose a pro rata as súas respectivas partidas.**
- Non, porque non houbo condena en custas.

48. O avogado designado na quenda de oficio pode escusar a súa intervención profesional:

- En calquera asunto, se o avogado o solicita e o cliente mostra a súa conformidade.
- **Só na orde penal, e para iso deberá concorrer un motivo persoal e xusto que será apreciado polos decanos dos colexios profesionais.**
- Sempre que o avogado alegue por escrito causa de imposibilidade para asumir a defensa penal e o cliente mostre a súa conformidade.
- Só na orde penal, e para iso deberá concorrer un motivo persoal e xusto que deberá ser apreciado polo xulgado competente para tramitar o asunto.

49. No procedemento seguido contra José María, beneficiario do dereito de asistencia xurídica gratuíta, por delito de violencia de xénero, comparece como parte en trámite de cualificación a súa parella, Laura. A acusación particular reproduce substancialmente o escrito de acusación do Ministerio Fiscal e pide a imposición das custas procesuais causadas á súa instancia. A defensa de José María reconece os feitos, pero pide que en sentenza se lle impoñan as custas á acusación particular, pola súa temeridade e mala fe. A sentenza, que condena a José María:

- **Impoñerlle as custas do xuízo, incluídas as da acusación particular.**
- Declarará as custas de oficio, ao ser José María beneficiario da asistencia xurídica gratuíta.
- Poderá impoñer as custas do xuízo á acusación particular, se o estima adecuado á vista da actuación da dita acusación.
- Impoñerlle as custas do xuízo, pero con exclusión das da acusación particular, ao ser a súa actuación superflua neste caso.

50. Elena, administradora única de OLIVOS, SL, acode ao despacho de Martina, avogada de profesión, e exponlle a posibilidade de presentar unha demanda por incumprimento contractual contra KAMPINAS, SA, por importe de trinta millóns de euros. A situación económico-financeira de OLIVOS, SL, non é boa e Elena advértelle a Martina que non dispón da tesourería suficiente para aboar os seus honorarios neste momento, pero que, en cambio, no caso de que a demanda sexa acollida, aboará a Martina o vinte e cinco por cento do importe que cobre de KAMPINAS, SA. Pode aceptar Martina a proposición de honorarios que lle fai Elena en representación de OLIVOS, SL?

- **Si, Martina pode pactar libremente a contía dos honorarios co cliente, sempre con respecto ás normas deontolóxicas e sobre competencia desleal.**
- Non cabe realizar ese pacto xa que, se finalmente a demanda é acollida, os honorarios que corresponderán a Martina serán excesivos.
- Non pode aceptar a dita proposición dado que, no caso de que a demanda non sexa acollida, Martina non cobrará ningún honorario, e iso vai en contra das normas deontolóxicas.
- Si, pode aceptar a proposición do cliente, a condición de que se obteña o visto e prace por parte da Xunta de Goberno do colexio profesional ao que pertenza.



Preguntas de reserva

1. José Luis, avogado de Patricia, ten no seu poder unha cantidade que esta lle entregou como depósito e ingrésaa na conta do despacho no que se realizan todos os ingresos e gastos do despacho. Actuou correctamente José Luis?

- Si, sempre que leve correctamente a contabilidade e poida dispoñerse de inmediato da cantidade ingresada.
- Si, se José Luis fai unha xestión dilixente da dita conta e non dispón dos fondos do seu cliente.
- **Non, porque o avogado debe depositar ese diñeiro nunha conta específica con posibilidade de disposición inmediata.**
- Non, porque o avogado nunca debe ser depositario de fondos dos clientes.

2. O avogado Evaristo recibiu no seu despacho profesional un posible cliente, quen, ao día seguinte, mándalle un correo electrónico no que lle solicita que lle conteste por escrito sobre as posibilidades das súas pretensións e o importe aproximado dos honorarios. Está obrigado Evaristo a atender esa petición?

- **Si, Evaristo debe poñer en coñecemento do cliente, por escrito, tanto o custo aproximado do procedemento como as posibilidades de éxito das súas pretensións.**
- Non, porque Evaristo pode poñer en coñecemento do cliente as posibilidades de éxito das súas pretensións, pero non o custo aproximado do procedemento, xa que os honorarios son libres.
- Non, aínda que Evaristo ten a obriga de poñer en coñecemento do cliente tanto o custo aproximado do procedemento como as posibilidades de éxito das súas pretensións, non ten obriga de facelo por escrito.
- Non, porque Evaristo pode poñer en coñecemento do cliente o custo aproximado do procedemento, pero non as posibilidades de éxito das súas pretensións, xa que implicaría prometer un resultado que sempre é incerto.

3. Amparo, que está incorporada a un colexio de avogados como residente non exercente desde hai catro meses, tivo coñecemento da convocatoria de eleccións a decano e aos demais cargos da Xunta de Goberno do seu colexio e decidiu presentarse a decana ou a secretaria, a pesar de que nunca exerceu como avogada. Pódese presentar Amparo aos cargos de decana ou de secretaria da Xunta de Goberno?

- Non. Exíxese un período mínimo de colexiación de seis meses.
- **Pódese presentar unicamente ao cargo de secretaria, pero non ao de decana xa que é non exercente.**
- Pódese presentar aos dous cargos, ao estar colexiada un mínimo de tres meses.
- Non se pode presentar a ningún cargo, porque é non exercente.

4. A rendición de contas do avogado supón:

- A obriga de comunicar ao cliente o resultado do procedemento, xunto co detalle das incidencias do preito, explicar o sentido da resolución e devolver toda a documentación procesual do asunto.
- **A obriga de realizar unha folla de liquidación na que se desagreguen as diferentes achegas (provisións de fondos), o seu destino, xustificación, gastos, ingresos e saldo final con entrega ao cliente, de ser o caso, do saldo ao seu favor, xunto coa documentación dos recibos e outros documentos que resulten procedentes.**
- A obriga de comunicar á Xunta de Goberno do colexio a comisión dunha infracción disciplinaria.
- A obriga de detallar ante o xulgado no que se tramita a taxación de custas o importe dos honorarios, gastos e suplidos en que se incorreu no preito.

5. Ante o Xulgado de Primeira Instancia número 2 de Manzanares séguese un procedemento ordinario pola posible nulidade dun contrato de permuta de terreos. Como cuestión litixiosa atópase a posible nulidade dunha recualificación urbanística, determinante de posible vicio de consentimento dunha das partes. Nun momento dado do proceso, ambas as partes presentan un escrito ante o xulgado no que piden a suspensión do curso das actuacións ata a resolución da cuestión prexudicial, ao terse incoado un proceso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Ciudad Real. Á vista de tal escrito:

- O xuíz rexeitará a suspensión das actuacións, ao ter plena competencia para coñecer da posible nulidade para os efectos prexudiciais, sen que a súa decisión produza ningún efecto fóra do proceso.
- O xuíz rexeitará a suspensión das actuacións, limitándose na sentenza a resolver as cuestións civís litixiosas, e remitirá o coñecemento da nulidade da recualificación á xurisdición contenciosa.
- **O letrado da Administración de Xustiza suspenderá o curso das actuacións, antes de que fose ditada sentenza, ata que a cuestión prexudicial sexa resolta polos tribunais da xurisdición contenciosa.**
- O xuíz ou tribunal poderá suspender o curso das actuacións ata que a cuestión prexudicial sexa resolta polos tribunais da xurisdición contenciosa, se en resolución fundada a considera relevante para poder emitir a súa decisión.



6. A que nos referimos cando falamos da policía de estrados?

- Trátase da policía autonómica e/ou estatal encargada de manter a orde pública e a seguridade dos cidadáns no xulgado.
- **É a facultade disciplinaria que ten o órgano xurisdiccional para velar pola boa orde e o comportamento correcto e decoroso durante as audiencias por parte das persoas que interveñen ou asisten á actuación xudicial.**
- É o conxunto de persoas uniformadas que traballan nos xulgados e que velan polo bo funcionamento e a seguridade dos funcionarios.
- É a facultade que teñen os maxistrados para velar pola seguridade e o bo uso dos medios públicos nos xulgados.



A. MATERIAS ESPECÍFICAS

ESPECIALIDADE XURÍDICA EN CIVIL-MERCANTIL

1. Javier e Raquel outorgan un contrato privado de compravenda de acordo co Código civil. Por este, Javier vende un piano de cola que se atopa no seu domicilio a Raquel, quen paga no acto o prezo acordado. No contrato non fan constar quen debe pagar os gastos derivados do transporte do piano ata o domicilio de Raquel. Quen debe facer fronte a estes gastos?

- Javier.

- Raquel.

- Ambos, a medias.

- Se non se estipulou quen debe facer fronte aos gastos de transporte, enténdese que falta un elemento esencial do contrato, polo que este será nulo.

2. Tomás aluga un inmovible urbano da súa propiedade a Marta para uso de vivenda. Trátase dun piso de 150 metros cadrados e catro dormitorios, polo que Marta, estudante, pensa en subarrendar dous dos dormitorios que lle sobran a dous compañeiros de clase, para compartir os gastos de alugueiro. Que se require para poder formalizar este subarrendamento?

- Que o subarrendamento sexa total, pola totalidade do piso, non sendo válido o subarrendamento de cuartos.

- Que Tomás non se opoña expresamente.

- Que o subarrendamento sexa parcial e o consentimento de Tomás conste por escrito.

- Que a renda obtida polo subarrendamento non sexa superior á que Marta paga polo arrendamento inicial.

3. Jesús designa a súa avogada, Silvia, para que o represente nunha compravenda de participacións sociais nunha notaría. Con todo, antes da celebración do negocio xurídico, sen cesar a Silvia designa outra avogada, Laura, para a celebración no seu nome do mesmo negocio xurídico. Que efectos terá este segundo nomeamento?

- Ao non cesar a Silvia, o negocio xurídico requirirá da sinatura das dúas avogadas.

- A validez do negocio xurídico, calquera que sexa a avogada que asine no seu nome, ata que se produza o cesamento expreso dalgunha delas.

- A revogación do mandato efectuado a Silvia desde que se lle fai saber o nomeamento de Laura, aínda que non haxa revogación expresa.

- Que sexa cal sexa a avogada que asine o contrato, este non terá validez ata a ratificación polo mandante do negocio xurídico suscrito.

4. Mateo realiza unhas obras nun terreo da súa propiedade. Sen decatarse, utiliza para esta obra materiais propiedade de Esteban, dono do predio lindeiro, os cales unha vez finalizada a obra non poden separarse sen menoscabo da obra construída. Que efecto terá o erro de Mateo?

- Que deberá aboar a Esteban o valor dos materiais.

- Que deberá aboar a Esteban o valor dos materiais e resarcilo dos danos e perdas sufridos.

- Que Esteban terá dereito a retirar os materiais con independencia do menoscabo que isto supoña á obra.

- Que a parte do chan sobre a que se efectuou a obra pasará ao dominio de Esteban, aboando a Mateo o seu prezo.

5. Estefanía asina un contrato de préstamo con garantía hipotecaria co Banco Santander, sobre un inmovible da súa propiedade. No contrato pacta coa entidade financeira que se absterá de volver hipotecar o mesmo inmovible ata que non estea integramente satisfeito o préstamo. Con todo, unha semana despois, sen comunicarllo ao Banco Santander, asina un segundo contrato de préstamo co BBVA, cuxo pago tamén garante co mesmo predio. Nesta situación, a segunda hipoteca sobre o mesmo predio:

- É nula de pleno dereito.

- É anulable se Banco Santander a impugna no prazo de catro anos.

- Necesitará o consentimento previo da entidade financeira, para o cal o rexistrador da propiedade, antes de proceder a inscribir a segunda hipoteca a favor de BBVA deberá comunicarllo ao Banco Santander.

- É válida.



6. Jacinto fai testamento conforme o Código civil no que lle lega ao seu irmán Guillermo un inmovible, que é un ben ganancial do seu matrimonio con Sofía. Ao falecer, na disolución do réxime económico matrimonial, o inmovible atribúeselle a Sofía. Que efectos terá esta atribución sobre o testamento?

- Desaparece a carga do legado, ao ter desaparecido do haber hereditario do causante o ben obxecto do legado por causa allea á súa vontade.
- Por instancia do legatario, poderase declarar a nulidade da atribución do inmovible a Sofía na disolución do réxime económico matrimonial, dado que ao pesar un legado sobre ese ben debeu asignarse ao patrimonio de Jacinto.
- **Entenderase legado o valor que tivese o inmovible no momento do falecemento.**
- O legado será válido e o inmovible pasará a poder de Guillermo, quen deberá aboar a Sofía o 50% do valor do inmovible no momento de facer testamento.

7. Jaime López e Elena Zuzunaga teñen unha filla en común a quen inscriben no Rexistro Civil como Mayte López Zuzunaga. Dous anos despois teñen un segundo fillo en común, a quen queren chamar Koldo. Neste caso desexan inscribir o neno poñendo en primeiro lugar o apelido materno, Koldo Zuzunaga López. É posible inscribir a Koldo como queren os seus pais?

- **Non, xa que a orde dos apelidos establecido para a primeira inscrición de nacemento determina a orde para a inscrición dos posteriores nacementos con idéntica filiación.**
- Si, pois os proxenitores poden elixir a orde en que transmiten os seus primeiros apelidos aos fillos, en calquera caso.
- Si, pero só se ambos os proxenitores están de acordo. En caso contrario, o encargado do Rexistro Civil decidirá por sorteo cal dos apelidos se transmite en primeiro lugar.
- Si, dado que Zuzunaga é un apelido español que se atopa en risco de desaparecer, polo que os pais poderán poñelo na orde que desexen para facilitar a súa transmisión.

8. Noemí é unha avogada que ten catro demandas pendentes de presentar ante os xulgados. O seu xefe advírtelle que tres delas son competencia do Xulgado de Primeira Instancia, pero unha debe presentala ante o Xulgado do Mercantil. Cal das seguintes accións é competencia do Xulgado do Mercantil?

- Unha acción individual relativa a condicións xerais da contratación, solicitando a declaración de nulidade dunha "cláusula solo".
- Unha reclamación de incumprimento das obrigacións derivadas dun contrato de compravenda mercantil.
- Unha solicitude de declaración en situación de concurso de acredores dunha persoa física non empresario.
- **Unha acción que se promova ao amparo da normativa reguladora das sociedades cooperativas.**

9. Abraham, con domicilio en Santander, ten intención de demandar a empresa LAGOR, SA, con domicilio en Valladolid, por impago dunha factura por importe de 4.000 € por prestación de diversos servizos. No contrato suscrito entre as partes incluíuse unha cláusula de submisión expresa aos tribunais de Madrid. Que tribunais serían territorialmente competentes para coñecer da reclamación?

- Os xulgados de Santander, ao ser o demandante unha persoa física que demanda a unha sociedade mercantil.
- Os xulgados de Santander, ao ter o demandante a condición de usuario e consumidor.
- Os xulgados de Madrid, ao ser os que corresponden conforme a cláusula de submisión expresa.
- **Os xulgados de Valladolid, xa que ao tratarse dun xuízo verbal non é válida a cláusula de submisión expresa, debendo determinarse a competencia polo foro xeral do domicilio da sociedade demandada.**

10. Ana é a titora da súa nai, Laura, que foi declarada incapaz. Alejandro, avó de Ana e pai de Laura, falece deixando unha importante herdanza a favor de Laura e dos irmáns desta, Miguel e Ricardo. Ana acepta a herdanza a beneficio de inventario en nome de Laura, pero non consegue chegar a un acordo con Miguel e Ricardo para a partición da herdanza, polo que encarga a Ignacio, avogado, presentar demanda de división xudicial do patrimonio hereditario. Cal das seguintes respostas é correcta?

- Laura non ten capacidade para ser parte.
- **Ana precisa autorización xudicial para presentar demanda en nome de Laura, salvo nos asuntos urxentes ou de escasa contía.**
- Ana debería ter solicitado autorización xudicial para aceptar en nome de Laura a herdanza de Alejandro a beneficio de inventario, polo que a aceptación é nula e carece de efectos.
- Laura ten plena capacidade para comparecer en xuízo e Ana pode presentar a demanda sen ningún requisito adicional.



11. O Xulgado de Primeira Instancia de Burgos declara urxentes unhas actuacións, nos termos do artigo 131.2 da Lei 1/2000 de axuízamento civil. Tras iso notifica unha resolución ás partes o venres 30 de xullo, outorgándolles cinco días para presentar unha documentación. Para o cómputo destes cinco días:

- Computarase en días naturais, ao tratarse de actuacións urxentes.
- **Exclúiranse do cómputo os sábados, domingos e festivos, pero non os días de agosto, que se considerarán hábiles.**
- Exclúiranse do cómputo os días de agosto, pero non os sábados, domingos e festivos, que se considerarán hábiles.
- Ao tratarse dun cómputo de prazos civís, exclúiranse tanto os sábados, domingos e festivos, como os días de agosto, que se considerarán inhábiles.

12. PRESTA2020, SL, interpón unha demanda contra ICAIA, SA, exercitando varias accións que a demandada entende que non poden acumularse na mesma demanda. Como deberá ICAIA, SA, opoñerse á dita acumulación de accións?

- Deberá formular cuestión de competencia por declinatoria no prazo de dez días desde que se lle notifique a demanda.
- **Deberá opoñerse á acumulación pretendida na contestación á demanda, resolvéndose sobre a oposición na audiencia previa ao xuízo.**
- Deberá opoñerse á acumulación pretendida na contestación á demanda, resolvéndose sobre a oposición na sentenza.
- Non cabe oposición á acumulación de accións exercitada pola parte demandante, sen prexuízo do rexeitamento en sentenza das accións exercitadas.

13. Jesús interpón unha demanda contra a súa esposa María en solicitude de medidas matrimoniais previas ao divorcio. Tras a oportuna comparecencia, o xulgado dita resolución resolvendo sobre a garda e custodia dos fillos, uso da vivenda familiar e cargas familiares. Durante que prazo terán vixencia as medidas acordadas?

- Terán carácter indefinido, ata que o xulgado dite sentenza de nulidade, separación ou divorcio.
- Terán vixencia ata ao momento da interposición da demanda de nulidade, separación ou divorcio.
- **Só subsistirán se dentro dos trinta días seguintes á súa adopción se presenta a demanda de nulidade, separación ou divorcio.**
- Terán vixencia durante o prazo máximo dun ano desde que foron adoptadas.

14. Manuel, xuíz de Primeira Instancia, dita un auto polo que rexeita o recurso de reposición interposto contra unha providencia anterior. Javier, avogado dunha das partes, quere recorrer contra o dito auto. Que recurso cabe contra el?

- Queixa.
- Revisión.
- Reforma.
- **Non cabe ningún recurso, sen prexuízo de reproducir a cuestión obxecto da reposición ao recorrer, se for procedente, contra a resolución definitiva.**

15. Celebrada a xunta xeral dunha sociedade anónima, un dos socios impugna ante o Xulgado do Mercantil un acordo adoptado nela, sendo a contía da demanda de 2.000 €. Tras o proceso xudicial correspondente, o xuíz dita sentenza desestimatoria que o mesmo socio quere recorrer. Que recurso cabe contra a devandita sentenza?

- **Apelación.**
- Non cabe ningún recurso, dado que é unha sentenza nun procedemento cuxa contía non supera os 3.000 €.
- Revisión.
- Recurso gubernativo ante a Dirección Xeral dos Rexistros e do Notariado.

16. Soledad, demandada nun xuízo civil, é declarada en rebeldía, a pesar de que ten domicilio coñecido, por non comparecer en forma no prazo sinalado no primeiro emprazamento. Como se lle debe notificar a resolución que acorda a rebeldía?

- Non se lle debe notificar, pois unha vez declarada a rebeldía non se notificará ningunha resolución ata que se dite a que poña fin ao proceso.
- Por LexNET.
- Por edictos.
- **Por correo.**



17. Terminado un proceso xudicial civil, o xuíz dita unha sentenza constitutiva sen pronunciamentos de condena. Estefanía, a parte que viu acollidas todas as súas pretensións, quere instar á execución da sentenza para conseguir o seu completo cumprimento. En que suposto prevé a Lei 1/2000 de axuizamento civil a execución desta sentenza?

- Cando sexa firme, sen que sexa posible a súa execución provisional.
- Cando o seu contido deba facerse constar nalgún rexistro público.
- En accións colectivas ou individuais polas que se declare a nulidade, cesación ou retractación na utilización de condicións xerais abusivas.

- En ningún caso.

18. Despachada unha execución civil por unha cantidade de 5.000 €, Sonia, avogada do executado, oponse alegando como único motivo que a cantidade verdadeiramente debida son 3.000 €. Nesta situación, pode Sonia pedir a suspensión da execución?

- Si, en todo caso, ata que o xuíz resolva sobre cal é a cantidade correcta pola que se debeu despachar a execución.
- Si, poñendo ao dispor do tribunal os 3.000 € que considera debidos.**
- Si, poñendo ao dispor do tribunal os 2.000 € que supoñen a diferenza entre o solicitado polo executante e o recoñecido polo executado.
- En ningún caso, a oposición do executado non supón a suspensión da execución cando esta é definitiva.

19. Rosa, de nacionalidade española, está en proceso de divorcio do seu marido, Kleber, de nacionalidade austríaca. Rosa interpón unha demanda de divorcio ante os xulgados de Viena, cidade onde reside Kleber, pero este presenta outra demanda de divorcio posteriormente ante os xulgados de Madrid, lugar de residencia de Rosa e lugar onde ambos tiveron o domicilio común. O Xulgado de Familia de Madrid incoa o procedemento, pero posteriormente ten coñecemento da existencia do procedemento que se tramita ante os xulgados de Viena. Que actuación debe realizar o Xulgado de Madrid?

- Suspender de oficio o procedemento en tanto non se estableza a competencia do Xulgado de Viena.

- Requerir ao Xulgado de Viena para que lle remita as actuacións, dado que Madrid foi o lugar de residencia común previo á separación.
- Remitir as actuacións ao Xulgado de Viena para que proceda á súa acumulación, dado que foi ante o que se interpuxo a primeira demanda.
- Esperar a que Rosa presente declinatoria, dado que non pode pronunciarse de oficio sobre a súa propia competencia.

20. Antonio é titular dun 3% do capital social dunha sociedade limitada e foi nomeado recentemente administrador único da sociedade. Aproveitando a celebración dunha xunta xeral extraordinaria, en cuxa orde do día está unicamente a modificación do obxecto social, propón a adopción do acordo de exercicio da acción social de responsabilidade contra o anterior administrador único. É iso posible?

- Si, porque a acción social de responsabilidade contra os administradores será iniciada pola sociedade, co acordo previo da xunta xeral, que pode ser adoptado por solicitude de calquera socio, aínda que non conste na orde do día.

- Non, porque para o exercicio da acción social de responsabilidade contra os administradores é necesario acordo da xunta xeral que conste na orde do día da convocatoria.
- Non, porque a proposta de exercicio da acción social de responsabilidade contra os administradores unicamente pode formulala socios titulares de máis do 5% do capital social.
- Si, pero requirirá unha maioría cualificada de dous terzos do capital social.

21. Marisa traballa para a empresa FERTISA. Sobre un produto que ten patentada a sociedade, porque o desenvolveu outro traballador, Marisa realiza unha invención consistente en darlle unha estrutura nova da que resulta unha vantaxe práctica apreciable para o seu uso, polo que o rexistra como modelo de utilidade. Durante canto tempo estará protexida a invención de Marisa?

- Durante o tempo que lle reste de protección á patente de FERTISA.
- Durante un período de 20 anos improrrogable.
- Durante un período de 10 anos improrrogable.**
- Durante un período de cinco anos prorrogable indefinidamente por iguais períodos.



22. Guillem, socio único e administrador da mercantil SIDECAR, SLU, saca á venda un vehículo voador infantil de xoguete, denominado SUNDRON, que a pesar de ser algo novo non foi patentado, por considerar que prefire manter en segredo a invención que permite o seu funcionamento. Con todo, Marc, enxeñeiro dunha empresa da competencia, compra un SUNDRON e procede a desmontalo e estudalo ata descubrir como funciona o xoguete e pouco despois lanza ao mercado FLYLIGHT, un produto co mesmo sistema mecánico de funcionamento que inventara Guillem. Como define a Lei 1/2019 de segredos empresariais a conduta de Marc?

- Como unha conduta ilícita, que debe dar lugar á indemnización de danos e perdas que a comercialización de FLYLIGHT puidese producir a SIDECAR, SLU.
- Como unha conduta colusoria.
- Como unha conduta nula que debe dar lugar á retirada de FLYLIGHT do mercado.
- **Como unha conduta lícita.**

23. A sociedade RESTIN, SL, debe á entidade financeira CAIXA CATALUNYA a cantidade de 100.000 €, que se atopan garantidos cunha hipoteca sobre a nave industrial na que RESTIN desenvolve a súa actividade. Tras varios meses sen facer fronte ás cotas do crédito, RESTIN é declarada en situación de concurso voluntario, polo que CAIXA CATALUNYA decide executar a hipoteca. En cal dos seguintes momentos poderá facelo?

- Xa non poderá executar a hipoteca, por terse declarado o concurso de acredores, sen prexuízo da cualificación como privilexiado do crédito de CAIXA CATALUNYA.
- Desde que se dite o auto polo que se declare a RESTIN en situación de concurso de acredores.
- **Desde que transcorra un ano desde a declaración de concurso sen que se produciase a apertura da liquidación.**
- Desde que se produciu a apertura da liquidación.

Preguntas sobre dereitos civís forais

24. Carmina é filla de pai e nai asturianos. Ten veciñanza civil de dereito común, pero desexa optar pola veciñanza galega, xa que naceu na Coruña. En que momento pode realizar a dita opción?

- Desde o nacemento ata a maioría de idade.
- **Desde que cumpra catorce anos ata que transcorra un ano despois da súa emancipación.**
- Desde a emancipación ata a maioría de idade.
- En calquera momento desde que cumpra os 18 anos.

25. Escolla a pregunta en función do dereito foral elixido:

A. Dereito civil común:

25. Natalia falece sen deixar descendencia e cando xa morreran todos os seus ascendentes. Tivo durante toda a súa vida veciñanza civil de dereito común. No momento do falecemento estaba casada con Enrique e tiña un irmán, Alberto, a quen deixa en testamento toda a súa herdanza, excepto a parte que lexitimamente corresponda a Enrique. Que parte da herdanza de Natalia corresponde a Enrique?

- A metade da herdanza.
- Un terzo da herdanza.
- **O usufruto de dous terzos da herdanza.**
- O usufruto de toda a herdanza.

B. Dereito civil Aragón:

25. Natalia falece sen deixar descendencia e cando xa morreran todos os seus ascendentes. Tivo durante toda a súa vida veciñanza civil aragonesa. No momento do falecemento estaba casada con Enrique e tiña un irmán, Alberto, a quen deixa en testamento toda a súa herdanza, excepto a parte que lexitimamente corresponda a Enrique. Que parte da herdanza de Natalia corresponde a Enrique?

- A metade da herdanza.
- Un terzo da herdanza.
- O usufruto de dous terzos da herdanza.
- **O usufruto de toda a herdanza.**



C. Dereito civil Baleares:

25 - Natalia falece sen deixar descendencia e cando xa morreran todos os seus ascendentes. Tivo durante toda a súa vida veciñanza civil balear. No momento do falecemento estaba casada con Enrique e tiña un irmán, Alberto, a quen deixa en testamento toda a súa herdanza, excepto a parte que lexitimamente corresponda a Enrique. Que parte da herdanza de Natalia corresponde a Enrique?

- A metade da herdanza.
- Un terzo da herdanza.
- O usufruto de dous terzos da herdanza.
- **O usufruto de toda a herdanza.**

D. Dereito civil Cataluña:

25. Natalia falece sen deixar descendencia e cando xa morreran todos os seus ascendentes. Tivo durante toda a súa vida veciñanza civil catalá. No momento do falecemento estaba casada con Enrique e tiña un irmán, Alberto, a quen deixa en testamento toda a súa herdanza, excepto a parte que lexitimamente corresponda a Enrique. Que parte da herdanza de Natalia corresponde a Enrique?

- A metade da herdanza.
- Un terzo da herdanza.
- O usufruto de dous terzos da herdanza.
- **O usufruto de toda a herdanza.**

E. Dereito civil Galicia:

25. Natalia falece sen deixar descendencia e cando xa morreran todos os seus ascendentes. Tivo durante toda a súa vida veciñanza civil galega. No momento do falecemento estaba casada con Enrique e tiña un irmán, Alberto, a quen deixa en testamento toda a súa herdanza, excepto a parte que lexitimamente corresponda a Enrique. Que parte da herdanza de Natalia corresponde a Enrique?

- A metade da herdanza.
- Un terzo da herdanza.
- **O usufruto da metade do capital.**
- O usufruto de toda a herdanza.

F. Dereito civil País Vasco (Biscaia)

25. Natalia falece sen deixar descendencia e cando xa morreran todos os seus ascendentes. Tivo durante toda a súa vida veciñanza civil biscaíña. No momento do falecemento estaba casada con Enrique, e tiña un irmán, Alberto, a quen deixa en testamento toda a súa herdanza, excepto a parte que lexitimamente corresponda a Enrique. Que parte da herdanza de Natalia corresponde a Enrique?

- A metade da herdanza.
- Un terzo da herdanza.
- **O usufruto de dous terzos da herdanza.**
- O usufruto de toda a herdanza.

G. Dereito civil Navarra:

25. Natalia falece sen deixar descendencia e cando xa morreran todos os seus ascendentes. Tivo durante toda a súa vida veciñanza civil navarra. No momento do falecemento estaba casada con Enrique, e tiña un irmán, Alberto, a quen deixa en testamento toda a súa herdanza, excepto a parte que lexitimamente corresponda a Enrique. Que parte da herdanza de Natalia corresponde a Enrique?

- A metade da herdanza.
- No dereito navarro, os viúvos non teñen ningún dereito económico sobre a herdanza do causante, dado que existe liberdade absoluta para testar.
- O usufruto de dous terzos da herdanza.
- **O usufruto de toda a herdanza.**



Preguntas de reserva

1. Luís e Eva deciden constituír ao 50% unha sociedade de responsabilidade limitada, LUVA, SL, co capital social mínimo para limitar a súa responsabilidade nun negocio que pretenden emprender. En que momento adquirirá LUVA, SL, personalidade xurídica propia diferenciada da de Luís e Eva?

- Coa mera concorrencia do consentimento de ambos os socios para constituír a sociedade, dado que o contrato de sociedade é un contrato non formal.
- Cando desembolsen efectivamente 1.500 € cada un na conta da sociedade, ao quedar así constituído o capital social mínimo.
- Cando outorguen ante notario a escritura pública de constitución da sociedade, na que deberán incluírse os estatutos sociais.

- Coa inscrición da sociedade no Rexistro Mercantil.

2. Marcial Gómez, ao non poder facer fronte ás débedas que pesan contra el, pon en coñecemento do xulgado competente para a declaración do seu concurso que iniciou negociacións para alcanzar un acordo de refinanciamento. Aos tres meses, sen que se declare o concurso de Marcial, un dos seus acredores insta do mesmo xulgado a declaración de concurso necesario do debedor. Ao sabelo, dez días despois, Marcial, que non conseguiu aprobar un acordo de refinanciamento das súas débedas, solicita do xulgado que o declare en situación de concurso. Cal das seguintes actuacións que pode acordar o xulgado é correcta?

- Ao presentarse a solicitude do acredor antes que a do debedor, declarará a Marcial en situación de concurso necesario.
- Ao concorreren solicitudes de acredor e de debedor, a instancia do debedor será tomada como achantamento ante a pretensión do acredor.

- Declarará a Marcial en situación de concurso voluntario, tendo ao acredor por comparecido.

- Ordenará o emprazamento de debedor e acredor para que comparezan a unha vista, con traslado das solicitudes, para que poidan formular oposición ás pretensións do outro, propoñendo os medios de proba de que intente valerse.



ESPECIALIDADE XURÍDICA EN PENAL

1. Que penas levan apareladas os delitos menos graves?

- **Penas menos graves, como a prisión de tres meses ata cinco anos.**

- Sempre se castigan con pena de multa.

- Penas menos graves, como a pena de multa proporcional, sempre que a súa contía supere o salario mínimo interprofesional.

- Penas superiores a cinco anos de prisión.

2. Durante unha operación de narcotráfico a Policía Nacional detivo diversos sospeitosos, entre eles Ernesto, quen actuaba como home de palla de José, pois adquiriu un coche e un inmovible con diñeiro procedente do tráfico ilícito de drogas. Que tipo de infracción penal cometeu Ernesto se o delito de branqueo de capitais se castiga con pena de seis meses a seis anos de prisión e multa do tanto ao triplo do valor dos bens?

- Un delito leve.

- Un delito leve ou menos grave segundo valor pericial do vehículo e inmovible adquiridos.

- **Un delito grave.**

- Un delito menos grave.

3. Ramón foi acusado por un delito de danos nun vehículo de motor e decide reparar o dano ocasionado antes da celebración do xuízo oral. Para iso págalle ao prexudicado o importe establecido na taxación pericial. Quedará exento de responsabilidade penal?

- Non, nin está exento nin se atenúa a responsabilidade penal.

- **Non, pero a reparación do dano constitúe unha circunstancia atenuante da responsabilidade penal.**

- Si, a reparación do dano exclúe a responsabilidade criminal sempre que se mostre arrepenido dos feitos.

- Si, a reparación do dano ocasionado á vítima constitúe unha causa que extingue a responsabilidade criminal no delito de danos.

4. Luís é acusado como cómplice dun delito consumado de roubo con forza nas cousas cometido en establecemento aberto ao público. Ese delito ten prevista no Código penal unha pena de dous a cinco anos de prisión. Cal é a marxe legal da pena que se lle pode impoñer a Luís?

- **Dun a dous anos de prisión.**

- De dous a tres anos e seis meses de prisión.

- De dous a cinco anos de prisión.

- De seis meses a un ano de prisión.

5. Ao saír dun bar de copas, Guillermo, que ao longo da xornada bebera varias consumicións alcohólicas, colleu un testo que había á entrada do local e lanzouno de xeito que impactou contra o vidro do escaparate dunha tenda próxima. O cristal rompeu por completo e varios dos obxectos expostos no escaparate resultaron danados. A conduta levada a cabo por Guillermo, en caso de resultar declarado culpable, implicará a súa condena a aboar:

- Exclusivamente o importe resultante da pena de multa que se lle impoña en concepto de responsabilidade penal pola comisión dun delito de danos.

- Exclusivamente o importe correspondente á indemnización que en concepto de responsabilidade penal deberá aboar ao prexudicado polos danos e perdas producidos.

- **A pena de multa que se lle impoña, máis a indemnización que en concepto de responsabilidade civil deberá aboar ao prexudicado polos danos e perdas producidos.**

- A pena de multa que se lle impoña, máis a indemnización que en concepto de responsabilidade civil deberá abonar ao prexudicado polos danos e perdas producidos, máis un terzo da suma de todo o anterior.



6. Jesús está preocupado porque a súa filla Ane e varios dos seus amigos, todos eles de 15 anos de idade, estiveran tirando ovos a un vehículo e insultando e ameazando o seu condutor. Despois dos feitos soubo que o condutor denunciara os menores e que a policía municipal os identificara. Jesús pregúntalle á súa avogada quen vai dirixir a investigación e instrución do procedemento que se vai seguir contra os menores.

- A Policía Municipal, ao seren identificados os menores por ese corpo.
- O Corpo Nacional de Policía, ao tratarse de menores.

- O Ministerio Fiscal.

- O xuíz de garda.

7. Jorge, de 14 anos de idade, foi denunciado por un delito de violación. Cando declara ante o fiscal instrutor reconece os feitos e móstrase arrepentido. Evitará este comportamento que Jorge ingrese nun centro de internamento?

- Non, o xuíz deberá impoñer unha medida de internamento en réxime pechado dun a cinco anos de duración, complementada de ser o caso con outra medida de liberdade vixiada de ata tres anos.

- Si, pero será necesario que o menor expedientado manifieste de forma expresa desculpas á vítima e se esta as acepta poderase acordar unha solución extraxudicial.

- Si, sempre que non lle conste que cometeu con anterioridade feitos da mesma natureza.

- Non, o xuíz deberá impoñer unha medida de internamento en réxime pechado dun a oito anos de duración, complementada de ser o caso por outra de liberdade vixiada con asistencia educativa de ata cinco anos.

8. O Xulgado de Almendralejo instrúe unhas dilixencias penais por un delito de organización criminal. Aos tres meses, a xuíza de instrución, por instancia do Ministerio Fiscal, declara a causa complexa. Cal será o prazo máximo de instrución da causa?

- Dezaoito meses, que a xuíza poderá prorrogar por igual prazo ou un inferior por instancia do Ministerio Fiscal e tras audiencia das partes.

- Vinte e catro meses sen ningunha posibilidade de prórroga.

- Dezaoito meses engadidos aos tres iniciais, que a xuíza poderá prorrogar por igual prazo ou un inferior por instancia do Ministerio Fiscal e tras audiencia das partes.

- Dezaoito meses, que a xuíza da causa poderá prorrogar por igual prazo ou un inferior por instancia do Ministerio Fiscal sen que resulte necesario dar audiencia previa ao resto das partes comparecidas.

9. Roberto foi secretario da Asociación de Pais e Nais no colexio dos seus fillos. Debido a problemas económicos, decide apropiarse das cotas aboadas polos asociados e doutras axudas recibidas de particulares, ascendendo o importe total do que se apoderou no seu beneficio a 60.000 €. A Fiscalía formula acusación por un delito de apropiación indebida agravada que está castigado coas penas de prisión dun a seis anos e multa de seis a doce meses. Indique o procedemento e o órgano competente para o axuizamento dos feitos:

- Procedemento da Lei do Xurado e Audiencia Provincial.

- Procedemento ordinario e Audiencia Provincial.

- Procedemento abreviado e Audiencia Provincial.

- Procedemento abreviado e Xulgado do Penal.

10. Ángel foi detido por un delito de roubo e, tras pasar a noite en dependencias policiais, foi posto á disposición xudicial. Ángel chama o seu avogado particular para que o asista. No xulgado pregúntanlle se vai nomear nese mesmo acto procurador e el consúltalle ao seu avogado se é necesario.

- Infórmao de que é preceptivo que nomee procurador para a fase de instrución, se non nese mesmo acto, si coa maior brevidade.

- Infórmao de que o avogado designado para a defensa terá tamén habilitación legal para a súa representación, sen que sexa necesaria a intervención de procurador ata o trámite de apertura de xuízo oral.

- Infórmao de que é preceptivo, xa que o avogado non pode ter a representación do seu defendido en ningunha fase do procedemento.

- Infórmao de que o avogado designado para a defensa terá tamén habilitación legal para a súa representación, sen que sexa necesaria a intervención de procurador ata o ditado de sentenza.



11. Luisa recibiu unha citación para declarar en calidade de investigada nun procedemento xudicial que se segue contra ela pola súa presunta participación como cómplice nun delito de tentativa de homicidio. Luisa pregúntalle á súa avogada cal é o contido e a finalidade do sumario.

- Constitúen o sumario as actuacións encamiñadas a preparar o xuízo e practicadas para pescudar e facer constar a perpetración dos delitos con todas as circunstancias que poidan influír na súa cualificación, e a culpabilidade dos delinquentes, asegurando as súas persoas e as súas responsabilidades pecuniarias.

- Constitúen o sumario as actuacións practicadas pola policía xudicial e encamiñadas a desvirtuar a presunción de inocencia do detido.

- Constitúen o sumario as actuacións encamiñadas a preparar o xuízo e practicadas, unicamente por instancia da acusación particular, para pescudar e facer constar a perpetración dos delitos con todas as circunstancias que poidan influír na súa cualificación, e a culpabilidade dos delinquentes, asegurando as súas persoas e as súas responsabilidades pecuniarias.

- O sumario está constituído unicamente polas dilixencias policiais encamiñadas a preparar o xuízo e practicadas para pescudar e facer constar a perpetración dos delitos e a culpabilidade dos delinquentes.

12. Alfredo deu unha taxa de alcol en aire expirado de 0,8 miligramos por litro nun control preventivo de alcoholemia que lle practicou a Garda Civil. Tramitándose as actuacións como dilixencias urxentes ante o Xulgado de Garda, sen constituírse acusación particular, podería Alfredo beneficiarse da redución legalmente prevista nun terzo da pena que solicitase o Ministerio Fiscal no seu escrito de acusación?

- Si, a condición de que mostre a súa conformidade ante o Xulgado de Garda e dite este sentenza de conformidade.

- Si, e poderá facelo ata o momento previo ao comezo do acto do xuízo oral no Xulgado do Penal.

- Non, porque o delito en cuestión non o permite.

- Non, porque para que fose posible necesitariase que estivese constituída a acusación particular.

13. José Antonio recibiu unha citación para comparecer ao acto de xuízo como denunciado por un delito leve de danos, castigado con pena de multa dun a tres meses. Nesa citación, único documento que se lle facilita, é informado de que pode ser asistido por avogado se o desexa e de que deberá acudir ao xuízo cos medios de proba de que intente valerse. En que erro ou omisión incorre esta citación?

- A representación por procurador é facultativa, pero a de avogado resulta preceptiva.

- É incompleta, porque non achega copia dos antecedentes penais do denunciado.

- É incompleta, porque non achega copia da querela ou da denuncia que se presentou.

- A representación por procurador e a asistencia de avogado resultan preceptivas.

14. Roberto interpuxo querela contra Francisco por delitos de inxuria e calumnia entre particulares. Roberto na súa condición de querelante e Francisco na súa condición de querelado son citados ao acto do xuízo. Non obstante, chegado o día da súa celebración Francisco non comparece. Pode celebrarse o xuízo na súa ausencia?

- Si, se o solicita o querelante.

- Si, sempre que o querelado fose citado en forma.

- Non, ao tratarse dun proceso penal especial ten dereito a unha segunda citación para o acto do xuízo.

- Non, salvo que o querelado o autorice expresamente por escrito.

15. Mario atópase detido en dependencias policiais pola súa presunta participación nunha serie de roubos con forza na cidade de Málaga, na investigación dos cales se obtiveron mostras de ADN de posibles autores. A policía solicita o consentimento de Mario para a recollida do seu ADN mediante frotis bucal. Ten algunha intervención o avogado nesta dilixencia?

- Non, xa que se trata dunha mera actividade pericial que non implica vulneración do dereito a non declarar contra si mesmo.

- Si, o avogado informarao das consecuencias da prestación ou denegación do consentimento á práctica da dilixencia, unha vez practicada esta.

- Si, o avogado informarao das consecuencias da prestación ou denegación do consentimento á práctica da dilixencia.

- Si, informarlle das consecuencias da prestación ou denegación do consentimento á práctica da dilixencia, soamente no caso de que a Policía Xudicial non o informara do seu alcance.

16. Juan, baixo os efectos de bebidas alcohólicas, foi detido por causar danos durante a noite en varios coches. Unha vez trasladado a dependencias policiais, manifesta que non necesita avogado porque non quere declarar en comisaría. É preceptiva a asistencia letrada nese momento?



- Si, dado que non se trata dun delito contra a seguridade do tráfico.

- Non, só é preceptiva cando o detido é posto á disposición xudicial.
- Non, dado que é un dereito exercitable soamente por instancia do detido.
- Si, dado que a asistencia letrada é preceptiva en todos os delitos menos graves.

17. O Xulgado de Instrución número 2 de Ferrol acordou decretar a prisión provisional sen fianza de lñigo coa finalidade de evitar a ocultación, alteración, ou destrución das fontes de proba relevantes para o axuizamento ao existir un perigo fundado e concreto. Á hora de valorar a existencia dese perigo o instrutor tivo que atender:

- Conxuntamente á natureza do feito, a gravidade da pena e a capacidade de lñigo para acceder por si mesmo ou a través de terceiros ás fontes de proba.
- Conxuntamente á natureza do feito, a gravidade da pena e a capacidade de lñigo para acceder por si mesmo ou a través de terceiros ás fontes de proba, así como á posibilidade de afectar a bens xurídicos da vítima.
- **Á capacidade de lñigo para acceder por si mesmo ou a través de terceiros ás fontes de proba ou para influír sobre outros investigados ou encausados, testemuñas ou peritos ou aqueles que puidesen selo.**
- Única e exclusivamente á falta de colaboración de lñigo no curso da investigación.

18. Tras a segunda sesión do xuízo oral celebrado na Audiencia Provincial de Santander e terminada a práctica da proba, o Ministerio Fiscal agrava a tipificación penal dos feitos nas súas conclusións definitivas. Esa actuación do Ministerio Fiscal:

- Resulta contraria a dereito, por vulnerar o principio acusatorio, xa que o Ministerio Fiscal só pode cambiar a tipificación dos feitos para acusar por un delito máis leve que o contido nas conclusións provisionais.
- **Resulta axustada a dereito e o tribunal poderá considerar un aprazamento da sesión, ata o límite de dez días, a pedimento da defensa, co fin de que esta poida preparar adecuadamente as súas alegacións e, de ser o caso, achegar os elementos probatorios e de descargo que estime convenientes.**
- Resulta axustada a dereito e o tribunal poderá considerar un aprazamento da sesión, ata o límite de dez días, a pedimento da defensa, se esta xustifica que pode sufrir indefensión e propón no acto a proba de descargo que estime conveniente.
- Resulta axustada a dereito e obriga a que o tribunal acorde un aprazamento da sesión, ata o límite de dez días, co fin de que as partes poidan preparar adecuadamente as súas alegacións e, de ser o caso, achegar os elementos probatorios e de descargo que estimen convenientes.

19. No Xulgado do Penal número 2 de Córdoba están a celebrarse as sesións do xuízo oral no que o encausado Ramón está acusado como autor responsable dun delito contra a integridade moral en concurso cun delito de lesións psíquicas. Na última das sesións vaise practicar a proba pericial das lesións sufridas pola vítima. Sinala a resposta correcta:

- **O informe pericial poderá ser prestado só por un perito.**
- O informe pericial ten que ser prestado só por un perito.
- O informe pericial ten que ser prestado por dous peritos.
- Non é necesario ratificar o informe pericial de lesións, pois ten valor como proba documental.

20. O avogado de Pedro interpuxo o recurso de apelación contra o auto de procedemento abreviado que lle imputa ao seu cliente un delito de lesións. O recurso foi inadmitido a trámite polo Xulgado de Instrución. Pode o seu avogado interpoñer algún outro recurso?

- Si, recurso de reforma sempre que non o interpuxese xa contra o auto de procedemento abreviado.
- **Si, recurso de queixa ante o tribunal superior competente.**
- Non cabe ningún recurso, salvo que o fiscal e a acusación particular interpoñan recurso de reforma contra o auto de procedemento abreviado que poderá adherirse.
- Non, a única opción que ten é expor a nulidade de actuacións por vulneración dun dereito fundamental.

21. Marta foi condenada en sentenza firme por un delito de roubo con forza nas cousas a un ano e tres meses de prisión e por un delito de lesións á pena dun ano e tres meses de prisión e, en concepto de responsabilidade civil, polos danos e perdas deberá aboar o importe de 2.000 €. Marta está moi preocupada e pregúntalle á súa avogada se



hai algunha alternativa para que o tribunal suspenda a execución da condena, dado que carece de antecedentes penais.

- Si, sempre, previo pago da responsabilidade civil a que foi condenada.
- Si, tras audiencia da prexudicada, sempre que esta se mostre conforme.
- Si, dado que ningunha das penas por separado supera os dous anos de prisión, sen máis requisito que pagar a responsabilidade civil.
- **Si, excepcionalmente, sempre que non sexa reo habitual, cando as súas circunstancias persoais, a natureza do feito, a súa conduta e o seu esforzo para reparar o dano o aconsellen.**

22. Aarón, cidadán francés que reside xunto coa súa muller e fillos en España, foi condenado en sentenza firme por un delito de lesións á pena dun ano e seis meses de prisión. Será expulsado do territorio español?

- Si, dado que as penas de prisión de máis dun ano impostas a un cidadán estranxeiro sempre serán substituídas pola súa expulsión do territorio español.
- Non, ao tratarse dun cidadán da Unión Europea en ningún caso pode ser expulsado do territorio español, salvo que a pena imposta sexa superior a tres anos de prisión.
- **Non, soamente procederá cando represente unha ameaza grave para a orde pública ou a seguridade pública en atención á natureza, circunstancias e gravidade do delito cometido, os seus antecedentes e circunstancias persoais.**
- Si, se conta con antecedentes penais non cancelados.

23. Andrés foi condenado en sentenza firme como autor dun delito leve de ameazas á pena de dez días de localización permanente no seu domicilio. Pode cumprila de forma descontinua?

- Non, ao ser unha pena leve.
- **Si, se o solicita e as circunstancias o aconsellan, oído o Ministerio Fiscal, o xuíz ou tribunal sentenciador pode acordar que a condena se cumpra os sábados e domingos ou de forma non continua.**
- Só se se mostra conforme a persoa ofendida polo delito leve.
- Sempre que o solicite pode cumprila de forma descontinua, dado que se trata dunha pena leve.

24. As sociedades mercantís públicas que executen políticas públicas ou presten servizos de interese económico xeral poden ser declaradas responsables penais?

- Non, ao tratarse de persoas xurídicas públicas están exentas de responsabilidade penal.
- Si, e poden ser condenadas a calquera das penas previstas no apartado 7º do artigo 33 do Código penal vixente.
- Si, e poden ser condenadas a calquera das penas previstas como graves no Código penal vixente.
- **Si, e soamente poderán serlles impostas as penas previstas nas letras a) e g) do apartado 7º do artigo 33 do Código penal vixente, isto é, multa e intervención xudicial.**

25. A responsabilidade penal das persoas xurídicas pode ser atenuada?

- Si, coas mesmas circunstancias atenuantes previstas no Código penal para as persoas físicas.
- Non, só está prevista a atenuación das penas para as persoas físicas.
- Non, o Código penal prohíbeo expresamente.
- **Si, se con posterioridade á comisión do delito e a través dos seus representantes procede en calquera momento do procedemento e con anterioridade ao xuízo oral a reparar ou diminuír o dano causado polo delito.**



Preguntas de reserva

1. Marcos, menor de idade, foi detido pola policía porque é a terceira vez que agride un compañeiro de clase, nesta última ocasión utilizando un coitelo de pequenas dimensións, pero causándolle lesións de certa entidade. O Ministerio Fiscal solicita o seu internamento como medida cautelar, motivo polo que os seus pais nos preguntan cal sería o tempo máximo de duración da medida en caso de ser adoptada.

- Ningún porque o internamento nunca pode ser adoptado como medida cautelar polo xuíz de menores.

- Seis meses, e poderá prorrogarse por outros tres meses como máximo.

- Seis meses, sen que poida prorrogarse en ningún caso.

- Un mes, e poderá prorrogarse.

2. Repútanse como penas:

- A detención e prisión preventiva e as demais medidas cautelares de natureza penal.

- As multas e demais coaccións que, en uso de atribucións gobernativas ou disciplinarias, se impoñan aos subordinados ou administrados.

- As privacións de dereitos e as sancións reparadoras que establezan as leis civís ou administrativas.

- As multas proporcionais, nos casos en que se establezan.



ESPECIALIDADE XURÍDICA EN ADMINISTRATIVO E CONTENCIOSO- ADMINISTRATIVO

1. O Concello de Murcia incoou un procedemento para impoñer unha multa a Miguel hai 5 meses. Na propia notificación establecíase que o prazo para resolver era de tres meses. Que ocorre co devandito procedemento?

- Miguel está obrigado a esperar, porque a Administración mantén a súa obrigaón de resolver.
- **O Concello deberá declarar a caducidade do expediente, pero, se non transcorreu o prazo de prescrición da infracción, poderá incoar un novo polos mesmos feitos.**
- Miguel pode entender rexeitadas as súas alegacións por silencio administrativo negativo e poderá recorrer contra a sanción ante a xurisdición.
- Miguel pode esixir responsabilidade ao Concello pola demora na tramitación do expediente.

2. Javier recibiu unha resolución da Alcaldía da súa localidade que lle ordena a demolición dunha caseta que construíu sen solicitar licenza e nun terreo onde non están permitidas estas construcións. Consulta co seu avogado como pode recorrer contra esa orde:

- As resolucións de Alcaldía non son susceptibles de recurso.
- **Poderá interpoñer, á súa elección, recurso de reposición ante a mesma Alcaldía ou recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo.**
- Deberá interpoñer recurso de reposición ante a mesma Alcaldía antes de acudir ao recurso contencioso-administrativo.
- Deberá acudir directamente ao recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo, ao tratarse dun acto que esgota a vía administrativa.

3. Durante a execución dunhas obras encomendadas pola Administración a un contratista privado, a José cáusanselle uns danos por parte do contratista. Quen debe responder por tales danos?

- A Administración sempre e en todo caso, ao ser unha obra súa.
- O contratista sempre e en todo caso, ao ser o causante do dano.
- Responderán ambos de forma solidaria.
- **Responderá a Administración cando os danos sexan consecuencia dunha orde inmediata e directa da Administración ou dos vicios do proxecto elaborado por ela mesma.**

4. A Luís, a Administración impúxolle unha multa por feitos acaecidos o 1 de xullo de 2017 que lle foi notificada o 1 de outubro de 2017. En que momento comeza o cómputo de prescrición da infracción?

- Desde que a multa lle foi notificada o 1 de outubro de 2017.
- O *dies a quo* da prescrición é distinto segundo que a infracción fose cualificada de moi grave, grave ou leve.
- **No momento de comisión dos feitos, o 1 de xullo de 2017.**
- Cando se finalizou o expediente administrativo.

5. Nekane, pneumóloga adscrita a un Servizo Público de Saúde dependente dunha Comunidade Autónoma, participou nun procedemento selectivo para obter a praza de xefe de Servizo de Pneumoloxía dun hospital público, pero non obtén a praza, por unha centésima de diferenza coa persoa adxudicataria, que á súa vez é socia do presidente da comisión de valoración. Que procedemento deberá seguir e ante que órgano xurisdiccional?

- **Procedemento abreviado ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo**
- Procedemento ordinario ante o Tribunal Superior de Xustiza.
- Procedemento ante o Xulgado do Social en reclamación de categoría ou grupo profesional.
- Procedemento ordinario ante o Xulgado Central do Contencioso-Administrativo.

6. A Asociación en Defensa do Dereito a Durmir (ADDD) prevé nos seus estatutos que se requirirá acordo da súa xunta directiva para interpoñer accións legais. Neste caso queren formular un recurso polo procedemento especial para a protección de dereitos fundamentais, pois o Concello negou o dereito a habilitar espazos para a sesta na rúa. Cal dos seguintes documentos non é necesario para interpoñer o recurso?

- O poder procesual.
- O acordo da xunta polo que decidiu interpoñer recurso.
- **O informe pericial.**
- Copia da resolución administrativa denegatoria do dereito pretendido.



7. Joan é propietario dun terreo con cultivo de laranxa. Con ocasión da construción dunha estrada promovida pola Deputación Provincial, descobre que ese terreo foi invadido polas máquinas das obras, despois de arrincar 40 árbores, e que a construtora utiliza o terreo como base de operacións. Non lle foi notificado expediente ningún relacionado coas ditas obras, nin aparece en ningunha publicación. Que tipo de actuación levou a cabo a Administración fronte a Joan?

- Inactividade prestacional.
- Inactividade por inexecución de actos firmes.
- **Actuación material en vía de feito.**
- Contrato civil de arrendamento.

8. Esteban pretende interpoñer recurso contra unha decisión dun dos órganos aos que corresponde resolver os recursos especiais e as reclamacións en materia de contratación a que se refire a lexislación de contratos do sector público. A quen debe demandar?

- Ao órgano de contratación que ditase a resolución que se impugna, pois del depende o acto administrativo.
- Á Administración de tutela do órgano de contratación, pois impútaselle a ela o acto administrativo.
- Á Administración de tutela do órgano de contratación e ao contratista privado se o houbese.
- **Ás persoas ou Administracións favorecidas polo acto obxecto do recurso, ou que comparezan en tal concepto.**

9. A Joseba danlle traslado para formalizar demanda, nun recurso contencioso-administrativo contra o rexeitamento por silencio administrativo dunha reclamación de responsabilidade patrimonial sanitaria. Observa que no expediente administrativo só está a solicitude inicial, sen máis documentos. Sinala a resposta correcta:

- Pedirá ampliación de prazo para formular a súa demanda para poder obter documentos da Administración.
- Pedirá nulidade de actuacións.
- Pedirá que se complete o expediente na fase de proba.
- **Pedirá que se complete o expediente administrativo dentro do prazo que lle deron para interpoñer a demanda.**

10. A Fátima operáronlle por erro o xeonllo dereito en lugar da esquerda. En vía administrativa a Administración autonómica fixa a indemnización por mala praxe en 33.000 €. Desconforme, interpón recurso contencioso-administrativo e a súa avogada Mireia quere solicitar, como medio probatorio, a emisión de informe pericial xudicial. En que momento procesual debe propoñer a práctica desa proba?

- Ao interpoñer o recurso contencioso-administrativo.
- Necesariamente no escrito de demanda.
- En calquera momento do proceso, en tanto non quede sinalado para votación e resolución.
- **En outrosí do escrito de demanda ou, de ser o caso, nos cinco días seguintes ao traslado do escrito de contestación á demanda.**

11. A avogada Aroa ten que formular demanda de procedemento ordinario nun asunto de responsabilidade patrimonial. Cal das seguintes opcións é falsa?

- Na demanda deben sinalarse os elementos de feito sobre os cales versará a proba.
- **A proba debe pedirse cando o Xulgado ou a Sala lle notifique a apertura do período probatorio, pero non debe pedirse na demanda.**
- A contía sinálase en outrosí na demanda e a parte demandada pode expoñer o seu parecer respecto diso no seu escrito de contestación.
- Deben separarse adecuadamente os feitos, os fundamentos de dereito e as pretensións.

12. Nun procedemento seguido ante un Xulgado do Contencioso-Administrativo no que é parte Ana, o xuíz pretende formular unha cuestión de ilegalidade, ao estimar que a norma que ampara o acto é ilegal. En que resolución deberá formular o xuíz a cuestión de ilegalidade e en que prazo?

- Na propia sentenza que anule o acto de aplicación.
- Por medio de auto en calquera momento anterior á sentenza.
- **Por medio de auto nos cinco días posteriores á firmeza da sentenza.**
- Por medio de auto nos dez días posteriores á firmeza da sentenza.



13. Unha sentenza do xulgado declara a procedencia da reversión dun inmovible urbano, propiedade de Koldo. A contía do preito, con base nun informe achegado coa demanda, fixouse mediante auto en 200.000 €. Non obstante, a sentenza substitúe a restitución do ben por unha indemnización de escasa contía, cuxo importe non alcanza os 5.000 €. Ante esta situación, cal das seguintes opcións é válida?

- Interpoñer recurso de apelación no prazo de 15 días, mediante escrito razoado, presentado no Tribunal Superior de Xustiza, con procurador.
- Interpoñer recurso de apelación no prazo de 15 días mediante escrito que anuncie o recurso, presentado no xulgado por Koldo e esperar a que a Sala do Tribunal Superior de Xustiza lle dea trámite.
- Non cabe recurso de apelación, por razón da contía.
- **Interpoñer recurso de apelación no prazo de 15 días, mediante escrito razoado, presentado no xulgado, e cando o xulgado o emprace, comparecerá ante a Sala do Tribunal Superior de Xustiza, con procurador.**

14. Antonio obtivo unha sentenza firme que condena a Administración a aboarlle 20.000 €. Ao observar que transcorre o tempo e a Administración non cumpre, pregunta ao seu avogado cando pode instar á execución forzosa.

- Transcorridos dous meses a partir da comunicación da sentenza ou do prazo fixado nesta para o cumprimento da resolución.
- En calquera momento posterior á declaración de firmeza da decisión da sentenza.
- **Transcorridos tres meses desde que a sentenza firme sexa comunicada ao órgano que deba cumprila.**
- Transcorridos vinte días a partir da comunicación de firmeza da sentenza.

15. Nun procedemento ordinario no que Miguel demandaba a Administración, ambas as partes chegaron a un acordo para solucionar a controversia e así o acordou o Tribunal, por medio de auto, pero sen fixar prazo para o cumprimento do acordo. Con todo, transcurrido un tempo prudencial, a Administración non cumpriu as obrigacións derivadas do acordo. Miguel consúltalle ao seu avogado que pode facer.

- **Poderá requirir á Administración o seu cumprimento e transcorridos dous meses poderá proceder a instar á súa execución forzosa.**
- Poderá requirir á Administración o seu cumprimento e transcorridos tres meses poderá proceder a instar á súa execución forzosa.
- Poderá requirir á Administración o seu cumprimento e transcorridos vinte días poderá proceder a instar á súa execución forzosa.
- Pode instar á execución forzosa inmediatamente despois do auto sen requirir á Administración, xa que o auto que aproba o acordo é título executivo.

16. Julia pretende abrir un supermercado na súa localidade e, antes diso, consulta co seu avogado o que ten que solicitar ou presentar ao seu Concello para poder comezar coa explotación.

- Deberá solicitar unha licenza e esperar á súa resolución para comezar a explotación.
- Deberá solicitar unha concesión de actividade e esperar á súa resolución para comezar a explotación.
- **Deberá presentar declaración responsable ou comunicación previa, e unha vez presentada poderá iniciar a explotación.**
- Deberá presentar declaración responsable ou comunicación previa, debendo esperar pola resolución expresa do Concello para iniciar a explotación.

17. Miquel está desconforme coa resolución do Xurado Provincial de Expropiación, que fixou o prezo xusto pola expropiación dun soar urbano en 125.000 €. Sinala a resposta correcta:

- **Cabe interpoñer recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza da comunidade autónoma á que pertence o xurado.**
- Cabe interpoñer recurso de alzada ante a Administración expropiante.
- Cabe discutir as cuestións sobre dereito de propiedade, incluído o valor do soar, ante a Sala do Civil e do Penal do Tribunal Superior de Xustiza.
- En ningún caso son recorribles as resolucións dos xurados provinciais de expropiación, porque a súa función é taxadora.



18. Manuela, contratista da Administración, acode a un despacho de avogados, pois non ten claro se un contrato que celebrou é un contrato administrativo ou privado, xa que iso determinará o réxime xurídico. Cal destes contratos é un contrato administrativo?

- Os contratos de concesión de obra pública.

- Os celebrados por entidades do sector público que sendo poder adxudicador non reúnan a condición de Administracións Públicas.
- Os celebrados por entidades do sector público que non reúnan a condición de poder adxudicador.
- Aqueles que teñan por obxecto a subscripción a revistas, publicacións periódicas e bases de datos.

19. A Antonio Armando, de nacionalidade peruana, foille notificada a extinción do seu permiso de residencia de longa duración. Como lle parece que non existe causa legal para iso, acode a un despacho de avogados. Sinale, de entre as seguintes opcións, cal non é causa de extinción do permiso de residencia de longa duración.

- Cando a autorización se obtivo de maneira fraudulenta.
- Cando se produza a ausencia do territorio da Unión Europea durante 12 meses consecutivos.
- Cando, obtida a autorización pola persoa a quen outro Estado membro lle recoñeceu protección internacional, as autoridades dese Estado resolven o cesamento ou a revogación da citada protección.

- Cando se produza a ausencia do territorio español durante 12 meses consecutivos.

20. Josef presentou unha solicitude de asilo político, ao considerarse perseguido no seu país por motivos políticos. A Administración resolveu inadmitindo a dita petición polo que, pensando en recorrer, pregunta á súa avogada ante que órgano xurisdiccional debe presentar o recurso.

- Ante a Sala do Contencioso-Administrativo da Audiencia Nacional.
- Ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza correspondente á localidade en cuxo territorio formulou a petición.

- Ante os Xulgados Centrais do Contencioso-Administrativo.

- Ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo correspondentes á localidade en cuxo territorio formulou a petición.

21. José foi sancionado en materia tributaria por incumprimento dos seus deberes fiscais. Pregunta a un despacho de avogados que efectos produce o recurso en canto á suspensión do acto recorrido. Indique a resposta incorrecta.

- A execución das sancións quedará automaticamente suspendida en período voluntario sen necesidade de achegar garantías ata que sexan firmes en vía administrativa.
- Non se esixirán xuros de demora polo tempo que transcorra ata a finalización do prazo de pago en período voluntario aberto pola notificación da resolución que poña fin á vía administrativa, esixíndose xuros de demora a partir do día seguinte á finalización do devandito prazo.
- En ningún caso será obxecto de suspensión automática a débeda tributaria obxecto de derivación.

- Nos procedementos sancionadores en materia tributaria non cabe en ningún caso a suspensión do acto recorrido, pois ten plena natureza executiva desde o mesmo momento da súa imposición.

22. No seu día a Administración Tributaria comunicoulle a Juana que iniciaba un procedemento de revogación dos actos de aplicación de tributos, e comunicáballe por entender que era parte interesada, sen que esta volveuse a ter noticias. Juana acode á súa avogada para saber que prazo ten a Administración para resolver e, en caso de non facelo, que efectos se producen.

- O prazo máximo para notificar a resolución será de 6 meses. No caso de non resolver producirase a caducidade do procedemento.

- O prazo máximo para notificar a resolución será de 6 meses. No caso de non resolver producirase a desestimación por silencio administrativo.

- O prazo máximo para notificar a resolución será de 3 meses. No caso de non resolver producirase a caducidade do procedemento.

- O prazo máximo para notificar a resolución será de 3 meses. No caso de non resolver producirase a desestimación por silencio administrativo.



23. Hugo interpuxo unha reclamación económico-administrativa contra un acto da Administración Tributaria. Acode a un bufete para saber o prazo de duración do procedemento ante o Tribunal Económico-Administrativo e que efectos ten a non resolución en prazo.

- Un ano contado desde a interposición da reclamación. Transcorrido ese prazo o interesado poderá entender rexeitada a reclamación.

- Seis meses contados desde a interposición da reclamación. Transcorrido ese prazo o interesado poderá entender rexeitada a reclamación.

- Un ano contado desde a interposición da reclamación. Transcorrido ese prazo o interesado poderá entender acollida a reclamación.

- Seis meses contados desde a interposición da reclamación. Transcorrido ese prazo o interesado poderá entender acollida a reclamación.

24. Montserrat, a quen lle expropiaron un terreo, non está conforme coa valoración que se realizou deste e acode a un bufete para que lle expliquen como se efectúan as valoracións de acordo coa Lei de expropiación forzosa. Sinala a opción errónea.

- As taxacións efectuaranse segundo o valor que teñan os bens ou dereitos expropiables no momento de iniciarse o expediente de prezo xusto.

- As taxacións efectuaranse segundo o valor que teñan os bens ou dereitos expropiables no momento de declararse a necesidade da ocupación.

- As taxacións non terán en conta as plusvalías que sexan consecuencia directa do plano ou proxecto de obras que dan lugar á expropiación e as previsibles para o futuro.

- As melloras realizadas con posterioridade á incoación do expediente de expropiación non serán obxecto de indemnización, a non ser que se demostre que eran indispensables para a conservación dos bens. As anteriores son indemnizables, salvo cando se realizasen de mala fe.

25. Joaquim impugna unha disposición xeral, por entender que lle afecta de forma desfavorable, solicitando como medida cautelar a suspensión dos preceptos daquela disposición que son obxecto de impugnación. En que momento debe solicitar a dita suspensión?

- Poderá solicitalo en calquera estado do proceso.

- Deberá solicitalo no escrito de interposición ou no de demanda.

- Deberá solicitalo en trámite de alegacións previas.

- Deberá solicitalo unha vez que se recibiu o expediente administrativo de elaboración da norma.



Preguntas de reserva

1. Raquel obtivo unha sentenza desfavorable aos seus intereses ditada por un Tribunal Superior de Xustiza. Pretende recorrer en casación ao Tribunal Supremo. En que suposto se presume o interese casacional?

- Cando a resolución que se impugna asente unha doutrina sobre as ditas normas que poida ser gravemente danosa para os intereses xerais.
- Cando a resolución que se impugna afecte a un gran número de situacións, ben en si mesma ou por transcender do caso obxecto do proceso.
- **Cando a resolución que se impugna se aparte deliberadamente da xurisprudencia existente ao considerala errónea.**
- Cando a resolución que se impugna interprete e aplique aparentemente con erro e como fundamento da súa decisión unha doutrina constitucional.

2. Ferrán obtivo unha sentenza que declara a inadmisibilidade do recurso nun proceso seguido ante un Xulgado do Contencioso-Administrativo, cuxa contía quedou fixada en 15.000 €. Cabe recurso de apelación contra a dita sentenza?

- Non, non son susceptibles de recurso de apelación as sentenzas ditadas en asuntos cuxa contía non exceda de 30.000 €.
- Non, non é susceptible de apelación dado que ao declarar a inadmisibilidade non entra a coñecer do fondo do asunto, quedando impexulgada a cuestión.
- **Si, con independencia da contía, as sentenzas que declaran a inadmisibilidade son sempre susceptibles de recurso de apelación.**
- Só será susceptible de recurso de apelación se a materia sobre a que versa o procedemento é o procedemento para a protección de dereitos fundamentais.



ESPECIALIDADE XURÍDICA EN LABORAL

1. Carmen, avogada laboralista, recibiu un gran número de consultas de varias empresas relativas a relacións laborais especiais para os efectos de determinar a normativa aplicable. Cal das seguintes é a única que se considera unha relación laboral común?

- Un xogador do primeiro equipo do Real Betis.
- Un médico interno residente (MIR) en formación no Sistema Nacional de Saúde.
- **Unha piloto de liña aérea comercial.**
- Un empregado de fogar.

2. Unha empresa do sector siderometalúrxico quere contratar unha persoa traballadora de forma temporal para cubrir a outra que solicitou unha excedencia por coidado dun menor. Acode a Julia, avogada dos seus servizos xurídicos, para que formalice o contrato. Que contrato debería subscribir a empresa para substituír a dita persoa traballadora?

- Un contrato de obra ou servizo determinado.
- **Un contrato de interinidade.**
- Un contrato eventual por circunstancias da produción.
- Un contrato de relevo.

3. Unha traballadora da empresa de mantemento da iluminación pública da cidade de Almería, con categoría de oficial de primeira, vén realizando traballos que teñen o carácter de perigosos. No mes de xullo a empresa asignouna a outro posto de traballo da súa mesma categoría pero que xa non ten carácter de perigoso e comunicoulle que lle vai deixar de aboar o complemento. A traballadora acode a Félix, avogado, e consúltalle se é posible que a empresa lle suprima o pago do complemento. Que tratamento ten o complemento mencionado que viña percibindo?

- Ten carácter consolidable, salvo acordo en contrario, por estar vinculado ao posto de traballo e, por tanto, non pode suprimirse o pago.
- Non ten carácter salarial senón de gasto vinculado ao posto de traballo polo que, en todos os casos, se se cambia de posto de traballo suprímese.
- **Non ten carácter consolidable, salvo acordo en contrario, por estar vinculado ao posto de traballo e, por tanto, pode suprimirse.**
- Non ten carácter salarial senón de gasto vinculado ao posto de traballo polo que, en ningún caso, pode suprimirse.

4. Pedro, empresario, vai ao despacho de avogados de Juana e efectúalle a seguinte consulta: a súa empresa, dedicada ao telemarketing, ten un cadro de persoal de 60 persoas traballadoras das que a metade son mulleres e a metade homes. Con todo, a media de retribucións dun sexo é superior nun 30% ao do outro sexo tomando o conxunto da masa salarial ou a media das percepcións satisfeitas. Que obrigación ten a empresa segundo o Estatuto dos Traballadores?

- O empresario non está obrigado a xustificar os motivos relacionados co sexo das persoas traballadoras en virtude do principio de liberdade de empresa e retribución.
- O empresario deberá incluír no rexistro salarial unha listaxe das percepcións de cada unha das persoas traballadoras e equiparar os salarios, en calquera circunstancia, ao que perciba maior remuneración.
- O empresario deberá incluír no rexistro salarial unha xustificación de que a dita diferenza responde a motivos relacionados co sexo das persoas traballadoras.
- **O empresario deberá incluír no rexistro salarial unha xustificación de que a dita diferenza responde a motivos non relacionados co sexo das persoas traballadoras.**

5. Na empresa HOTEIS 312, SA, un traballador solicitou unha excedencia voluntaria por un período dun ano. Ao finalizar a excedencia, o traballador solicita a reincorporación e vai ao despacho de María, avogada, a preguntar se pode esixir que esta se produza no seu antigo posto de traballo. Cal sería a resposta correcta?

- **A empresa non está obrigada á reserva de posto de traballo. O traballador ten só dereito preferente ao reingreso en vacantes de igual ou similar categoría á súa que houberse ou se producisen na empresa.**
- Ao ser a excedencia por período igual ou inferior a un ano, a empresa está obrigada á reserva do seu mesmo posto de traballo.
- Ao ser a excedencia por período igual ou inferior a un ano, a empresa está obrigada á reserva dun posto de traballo de igual ou similar categoría ao seu.
- A empresa non está obrigada á reserva do posto de traballo e, se non existe vacante, ao solicitar a reincorporación o contrato extínguese automaticamente.



6. María e Ana están casadas e traballan na empresa ROMA202, SA. O 30 de xaneiro de 2020 tiveron un fillo sendo a nai biolóxica María. Poderá Ana ausentarse do traballo algún período por causa do nacemento?

- Si, pois suspenderase o seu contrato de traballo durante 16 semanas, das cales serán obrigatorias as seis semanas ininterrompidas inmediatamente posteriores ao parto, que se deberán desfrutar a xornada completa.
- Si, pois suspenderase o seu contrato de traballo durante 16 semanas, das cales serán obrigatorias as seis semanas ininterrompidas inmediatamente posteriores ao parto, que se deberán desfrutar a xornada completa ou parcial.
- **Si, pois suspenderase o seu contrato de traballo durante 12 semanas, das cales serán obrigatorias as catro semanas ininterrompidas inmediatamente posteriores ao parto, que se deberán desfrutar a xornada completa.**
- Si, pois suspenderase o seu contrato de traballo durante 12 semanas, das cales serán obrigatorias as catro semanas ininterrompidas inmediatamente posteriores ao parto, que se deberán desfrutar a xornada completa ou parcial.

7. Raúl, traballador da empresa MAÑA12, SL, é sancionado por esta por cometer unha falta grave ao ofender de forma reiterada a outro traballador. A empresa comunícalle verbalmente a sanción consistente na redución das súas vacacións anuais en dous días. Raúl, aínda que recoñece os feitos, non está conforme coa sanción, consúltalle a Elena, avogada laboralista, se pode interpoñer demanda. Cal dos motivos seguintes é o único correcto en que Elena podería fundamentar a demanda?

- Aínda cando a sanción é axustada a dereito, non o é o procedemento, pois ao ser a falta grave, débese comunicar obrigatoriamente por escrito.
- **Non se axustan a dereito nin a sanción imposta, ao non ser posible legalmente a redución de vacacións, nin tampouco o procedemento, pois ao ser a falta grave, débese comunicar obrigatoriamente por escrito.**
- Aínda cando o procedemento se axusta a dereito, pois só hai que comunicar por escrito as faltas moi graves, a sanción imposta non se axusta a dereito, ao non ser posible legalmente a redución de vacacións.
- Non hai motivo para impugnar a sanción, pois tanto o procedemento como o tipo de sanción imposta axústanse a dereito.

8. Raquel, traballadora da empresa MRYCESIÓN, S.L., iniciou unha pelexa no lugar de traballo que, atendendo ás circunstancias, podería ser considerada falta grave. Cando prescribirá a falta?

- **Aos vinte días a partir da data en que a empresa tivo coñecemento da súa comisión e, en todo caso, aos seis meses de cometerse.**
- Aos sesenta días a partir da data en que a empresa tivo coñecemento da súa comisión e, en todo caso, aos seis meses de cometerse.
- Aos vinte días a partir da data en que a empresa tivo coñecemento da súa comisión e, en todo caso, ao ano de cometerse.
- Aos sesenta días a partir da data en que a empresa tivo coñecemento da súa comisión e, en todo caso, ao ano de cometerse.

9. Na empresa de Ángela anunciouse unha convocatoria de folga. Ángela vai ao despacho de José, avogado, para que a informe das consecuencias que poderá ter se se une a ela. Cal das seguintes respostas é correcta?

- **Durante a folga entenderase suspendido o contrato de traballo e a obrigaón de cotizar e a traballadora non terá dereito ao salario.**
- Durante a folga entenderase extinguido o contrato de traballo e a obrigaón de cotizar e a traballadora non terá dereito ao salario.
- Durante a folga entenderase suspendido o contrato de traballo, se ben seguirá existindo a obrigaón de cotizar, e a traballadora non terá dereito ao salario.
- Durante a folga entenderase suspendido o contrato de traballo e a obrigaón de cotizar, e a traballadora só terá dereito ao salario mínimo interprofesional.

10. A un traballador autónomo, economicamente dependente, comunicóuselle a extinción do seu contrato. Nese contrato establécese unha indemnización por danos e perdas derivados da súa extinción. O traballador quere recorrer, polo que vai ao despacho de Elena, avogada, a preguntar ante que xulgado debe interpoñer a demanda. Que xurisdición sería a competente para resolver a reclamación de danos e perdas por resolución unilateral da empresa?

- Ao ser autónomo, a xurisdición mercantil.
- **Aínda que é autónomo, correspóndelle a xurisdición social.**
- Ao ser autónomo economicamente dependente, a xurisdición civil.
- A xurisdición contencioso-administrativa.



11. Na empresa NPM, SL, celebráronse eleccións para elixir o comité de empresa. Ante a crenza de que houbo irregularidades na votación, porque se permitiu votar a todo o persoal incluíndo os que se incorporaron na última semana, Alberto, avogado dun sindicato, quere reclamar ao entender que a votación non é correcta. Cal sería o procedemento e a fundamentación da súa reclamación?

- Debería presentar directamente demanda ante a xurisdición social, fundamentada en que só poden votar aqueles traballadores que leven máis de quince días prestando servizos.

- Debería presentar reclamación ante a mesa electoral, seguida do procedemento de arbitraje e, de ser o caso, impugnar a arbitraje ante a xurisdición social, fundamentado en que só poden votar aqueles traballadores que leven máis dun mes prestando servizos.

- Debería presentar directamente demanda ante a xurisdición social, fundamentada en que só poden votar aqueles traballadores que leven máis dun mes prestando servizos.

- Debería presentar reclamación ante a mesa electoral, seguida do procedemento de arbitraje e, de ser o caso, impugnar a arbitraje ante a xurisdición social, fundamentado en que só poden votar aqueles traballadores que leven máis de quince días prestando servizos.

12. Anna, avogada, vai presentar unha demanda en reclamación das dúas pagas extraordinarias do ano anterior por importe de 4.200 € brutos, que a empresa IMPAXXX, SL debe ao traballador Dimitri. A empresa está aberta, polo que se presume a posibilidade de notificar a demanda. Poderá Anna interpoñela como un proceso monitorio?

- Non, por canto o proceso monitorio só pode utilizarse no caso de que a demanda se interpoña contra as entidades xestoras ou colaboradoras da Seguridade Social, sempre que o importe non exceda de 6.000 €.

- Non, por canto se reclaman cantidades vencidas, esixibles e de contía determinada, por importe superior a 3.000 €.

- Si, por canto se reclaman cantidades vencidas, esixibles e de contía determinada, que non exceden de 6.000 €.

- Non, por canto o proceso monitorio só pode utilizarse no caso de que a demanda se interpoña contra as entidades xestoras ou colaboradoras da Seguridade Social, sempre que o importe non exceda de 3.000 €.

13. María, con 40 anos acabados de facer e sen ter traballado antes, é contratada por unha empresa de construción. Aos 15 días, por falta de medidas de seguridade da empresa, ten un accidente de traballo que lle causa unhas lesións permanentes polas que tería dereito a unha pensión de invalidez. Acode á avogada Amelia para que a informe acerca de se pode solicitar a pensión contributiva. Marque a resposta correcta.

- Non, pois para ter dereito a unha pensión de incapacidade permanente contributiva sempre é preciso ter un mínimo de 1.800 días cotizados. No seu caso, podería solicitar unha pensión non contributiva.

- Non, pois para ter dereito a unha pensión de incapacidade permanente contributiva sempre é preciso ter un mínimo de 15 anos cotizados. No seu caso, podería solicitar unha pensión non contributiva.

- Si, pois para ter dereito a que se recoñeza unha incapacidade permanente, non se esixirá ningún período previo de cotización en caso de accidente laboral ou enfermidade profesional. Se fose accidente non laboral si se esixiría un mínimo de días cotizados.

- Si, pois para ter dereito a que se recoñeza unha incapacidade permanente non se esixirá ningún período previo de cotización en caso de accidente, sexa ou non laboral, ou enfermidade profesional.

14. Martina, afiliada a un sindicato, traballa nunha empresa de seguros que deixou de pagarlle os salarios. Pedro, avogado do sindicato, vai presentar demanda para reclamar as cantidades debidas en representación de Martina. Ten que solicitar un poder apud acta ou notarial que acredite a representación?

- Si, pois, aínda que estea afiliada, sen un poder non é posible entender que Martina autoriza o sindicato para que a represente.

- Non, o sindicato, para poder actuar en nome de Martina, só ten que acreditar a súa condición de afiliada e a existencia dunha comunicación do propio sindicato á traballadora en que a informe da súa vontade de iniciar o proceso xudicial, presumíndose autorizado para representala salvo manifestación en contrario.

- Non, o sindicato, para poder actuar no seu nome, só ten que acreditar a súa condición de afiliada e a existencia dunha comunicación do propio sindicato a Martina en que a informe da súa vontade de iniciar o proceso e que Martina autorice expresamente a representación.

- Non, os sindicatos só poden representar os traballadores e traballadoras en casos de despedimentos colectivos, materia electoral, impugnación de convenios colectivos e vulneración do dereito á folga.



15. A Juan, sen ningún motivo, despedírono da súa empresa ao coñecer as súas conviccións relixiosas. No momento do despedimento tiña pendente de aboar unha nómina e a liquidación. A súa avogada María vai presentar demanda ante o Xulgado do Social competente. Que accións pode acumular?

- Á acción de despedimento por vulneración dos dereitos fundamentais poderá acumular a indemnización derivada da discriminación e as contías salariais debidas.
- Á acción de despedimento por vulneración dos dereitos fundamentais non é posible acumular ningunha outra acción.
- Xunto coa acción de despedimento por vulneración dos dereitos fundamentais, poderá solicitar só as contías salariais debidas. A indemnización derivada da discriminación deberá reclamála, de ser o caso, ante a xurisdición civil.
- **Á acción de despedimento por vulneración dos dereitos fundamentais poderá acumular a indemnización derivada da discriminación, pero non as contías salariais debidas.**

16. Joan, avogado de Iñaki, quere presentar demanda de despedimento contra a empresa X20 ROX, SL, en que este traballaba, porque pechou dun día para outro sen avisar nin indemnizar os traballadores. Intentada infrutuosamente polo xulgado a notificación á empresa no domicilio social e no domicilio do seu administrador, procede a celebración do xuízo?

- Si, posto que se ben, con carácter xeral, é necesaria a publicación edictal, esta está exceptuada en casos de peche definitivo da empresa sen comunicación previa deste aos traballadores.
- Si, posto que a Lei reguladora da xurisdición social deixou sen efecto a publicación por medio de edictos, xa que todas as notificacións se realizan en sede xudicial ou a través de medios electrónicos.
- **Non, en caso de notificación infrutuosa cómpre a publicación edictal, inserindo un extracto suficiente da resolución ou da cédula no boletín oficial correspondente.**
- Non, posto que, para salvagardar o dereito á defensa, o xuízo de despedimento non se poderá celebrar se non comparece o representante da empresa, polo que a demanda se arquivará provisionalmente en tanto se indague un domicilio da empresa demandada ou o seu administrador.

17. Jimena, avogada, presentou demanda contra a empresa HOYHOY20, SL, en reclamación dun complemento salarial debido a Josu. Previamente ao xuízo e ante o letrado da Administración de Xustiza (LAX), as partes concílianse, avíndose a pagar a metade da contía reclamada, polo que o LAX ditará un decreto polo que se aprobe a avinza. Se a empresa non cumpre co acordado, Jimena pode solicitar a execución do acordo?

- Si, posto que os acordos entre as partes aprobados polo LAX ou, de ser o caso, polo xuíz ou tribunal levaranse a efecto polos trámites da execución de sentenzas, pois non son impugnables en ningún caso.
- Non, porque os acordos entre as partes aprobados polo LAX ou, de ser o caso, polo xuíz ou tribunal non son títulos executivos, senón meras declaracións de intencións.
- **Si, posto que os acordos entre as partes aprobados polo LAX ou, de ser o caso, polo xuíz ou tribunal levaranse a efecto polos trámites da execución de sentenzas, salvo que fosen impugnados.**
- Non, porque só os acordos entre as partes aprobados polo xuíz ou tribunal se levarán a efecto polos trámites da execución de sentenzas, os aprobados polo LAX son meras declaracións de intencións sen valor executivo.

18. O Instituto Nacional da Seguridade Social recoñeceu a Guillermo unha pensión de xubilación. Guillermo, desconforme coa contía, acode ao avogado David, quen presenta sen máis trámites demanda ante a xurisdición social. É correcta a actuación de David?

- **Non, porque para formular demanda ante a xurisdición social impugnando a resolución de xubilación é preciso interpoñer reclamación previa ante a entidade xestora.**
- Non, porque para formular demanda impugnando a resolución de xubilación é preciso interpoñer reclamación previa ante a entidade xestora e, ademais, ao ser unha prestación pública a demanda débese presentar ante a xurisdición contencioso-administrativa.
- Si, porque a presentación da reclamación previa ante a entidade xestora, do mesmo xeito que o recurso de reposición, é facultativa.
- Si, porque a presentación da reclamación previa ante a entidade xestora só é obrigatoria para a revisión do grao recoñecido nas pensións de invalidez.



19. En defensa dos intereses de Olivia, a súa avogada presentou demanda por despedimento. Á vista da documental achegada con anterioridade ao acto de xuízo, que se celebra catro meses máis tarde do despedimento, constátase que o verdadeiro empresario non é a quen consideraba como empregador e contra quen dirixiu a demanda. En que situación se atopa a parte demandante?

- Coa acción de despedimento caducada fronte ao verdadeiro empresario, dado que pasaron os 20 días da caducidade da acción.

- Podería ampliar a demanda, sen que comece o cómputo do prazo de caducidade ata o momento en que conste quen é o verdadeiro empresario.

- A acción por despedimento está sometida a un prazo de prescrición dun ano, polo que podería interpoñer nova demanda contra o verdadeiro empresario.

- Non é necesario ampliar a demanda contra o verdadeiro empresario, pois farao de oficio o Xulgado do Social competente.

20. Un traballador foi despedido por protagonizar unha pelexa cun compañeiro no centro de traballo e en horario de traballo. Interpón contra a empresa unha demanda en que solicita a improcedencia do despedimento. Tras os trámites oportunos, sinálase xuízo e iníciase este. Unha vez ratificada a demanda, sinale a posición das partes no devandito procedemento:

- Tanto na fase de alegacións como na práctica da proba, e na fase de conclusións corresponderá ao demandado expoñer as súas posicións en primeiro lugar.

- Tanto na fase de alegacións como na práctica da proba, e na fase de conclusións corresponderá ao demandado expoñer as súas posicións en segundo lugar.

- Tanto na fase de alegacións como na práctica da proba, e na fase de conclusións será o maxistrado o que decidirá a que parte lle corresponderá expoñer as súas posicións en primeiro lugar.

- Tanto na fase de alegacións como na práctica da proba, e na fase de conclusións a orde de exposición das partes dependerá de se o demandado contestou ou non a demanda por escrito.

21. No marco dun proceso xudicial en trámite por reclamación de cantidades, o Xulgado do Social dita unha dilixencia de ordenación coa que Nicolás, avogado de Uxía, está en total desacordo. Nicolás decide recorrer contra esta.

- Debe facelo interpoñendo recurso de suplicación.

- Debe facelo interpoñendo recurso de reposición, sen efectos suspensivos.

- Debe facelo interpoñendo recurso de reposición, con efectos suspensivos.

- Deber facelo interpoñendo recurso de casación.

22. Elena, avogada, defende a Enrique, traballador afectado por un despedimento colectivo por causa de forza maior. Ante unha sentenza desfavorable do Xulgado do Social, recorre ante o Tribunal Superior de Xustiza (TSX), que dita, así mesmo, sentenza desfavorable aos seus intereses. Elena decide acudir ao Tribunal Supremo ao atopar outra sentenza que lle pode servir de contraste. Se o seu recurso de casación para a unificación de doutrina é acollido:

- A sentenza do Tribunal Supremo casará e anulará a sentenza recorrida e resolverá o debate suscitado en suplicación alcanzando ás situacións xurídicas creadas pola sentenza.

- A sentenza do Tribunal Supremo casará e anulará a sentenza recorrida e resolverá o debate suscitado en suplicación alcanzando ás situacións xurídicas creadas pola sentenza impugnada e outras precedentes.

- A sentenza do Tribunal Supremo, sempre e en todo caso, remitirá os autos ao TSX para que dite nova sentenza cambiando o sentido da resolución.

- Non é posible interpoñer recurso de casación para a unificación de doutrina contra unha sentenza ditada en segunda instancia polo TSX.



23. En defensa dos intereses da mercantil TIRRINOVI, SA, Sabela, avogada da empresa, defendeu a procedencia do despedimento de tres operarias. Finalmente, o Tribunal Superior de Xustiza acolleu os recursos de suplicación das traballadoras e declarou improcedentes os despedimentos. Correspondéndolle á empresa a opción por indemnizar ou readmitir, opta por isto último. A empresa pregunta a Sabela como debe proceder para que se faga efectiva a reincorporación das traballadoras. Sinale a resposta correcta.

- Formulando comunicación a cada unha delas dentro dos dez días seguintes a aquel en que se lle notifique a sentenza, para a súa efectiva reincorporación nun prazo non inferior aos tres días seguintes á recepción do escrito.

- Formulando comunicación a cada unha delas dentro dos dez días seguintes a aquel en que se lle notifique a sentenza, para a súa efectiva reincorporación nun prazo non superior ás vinte e catro horas seguintes á recepción do escrito.

- A empresa non debe comunicar nada ás traballadoras, serán estas as que terán que incorporarse no día hábil seguinte á notificación da sentenza.

- A empresa non debe comunicar nada ás traballadoras, serán estas as que terán que incorporarse nos tres días hábiles seguintes á notificación da sentenza.

24. Sergio, traballador da empresa SOCIG 205, SL, acode ao despacho da avogada Juana, porque a empresa lle comunicou, exclusivamente a ela, que dentro de dez días ten que cambiar o horario de traballo, con entrada e saída unha hora antes da establecida no seu contrato. Sergio pregúntalle, atendendo ao establecido no Estatuto dos traballadores (ET), que opcións ten nunha demanda por modificación substancial das condicións de traballo:

- A demanda non pode prosperar, pois cumpríronse os trámites do ET, polo que pode asumir o cambio horario ou solicitar a extinción do contrato de traballo, percibindo unha indemnización de 20 días por ano de servizo, ata un máximo de nove meses.

- A demanda non pode prosperar, pois cumpríronse os trámites do ET e, ao non supoñer un cambio de quenda senón de horario en menos de dúas horas respecto do horario fixado no contrato, só pode asumir o cambio horario ou solicitar a extinción do contrato de traballo sen percibir indemnización.

- A demanda non pode prosperar posto que, aínda que se cumpriron os trámites establecidos no ET, ao non supoñer un cambio de quenda senón de horario en menos de dúas horas respecto do horario fixado no contrato, só pode asumir o cambio horario sen percibir indemnización.

- A demanda pode prosperar, pois non se cumpriron os trámites do ET, polo que pode ou ben presentar demanda ante o Xulgado do Social, ou asumir o cambio horario ou solicitar a extinción do contrato de traballo, percibindo unha indemnización de 20 días por ano de servizo, ata un máximo de nove meses.

25. Un sindicato, en defensa dos intereses das persoas traballadoras da empresa PROPI&6, SA, presenta demanda por conflito colectivo ante o Xulgado do Social competente. Que carácter terá o procedemento?

- Terá carácter urxente, con preferencia absoluta sobre calquera outro procedemento.

- Terá carácter urxente, con preferencia absoluta sobre calquera outro procedemento, salvo os de tutela de dereitos fundamentais e liberdades públicas.

- Terá carácter urxente, con preferencia absoluta sobre calquera outro procedemento, sempre que se solicite na demanda.

- Terá carácter urxente, con preferencia absoluta sobre calquera outro procedemento, salvo os de tutela de dereitos fundamentais e liberdades públicas, cando sexa acordado discrecionalmente polo xuíz á vista do contido da demanda.



Preguntas de reserva

1. A empresa CXRTVM, SL, ten traballando en réxime de semiescraitude a varias persoas estranxeiras sen dalas de alta e pagando menos da metade do salario mínimo interprofesional. Descuberta a situación, a Inspección de Trabajo inicia expediente administrativo sancionador e dá traslado ao Ministerio Fiscal, iniciándose no Xulgado de Instrución competente un procedemento para a determinación da posible responsabilidade penal. Poderá continuarse co procedemento administrativo?

- A Administración continuará tramitando o procedemento sancionador, pois o proceso penal e o administrativo son independentes. Corresponderá á Administración a adopción de medidas administrativas de paralización dos traballos nos casos de risco grave e inminente para a seguridade ou saúde do traballador.

- A Administración arquivará o procedemento sancionador, recaendo a competencia exclusiva para a determinación das responsabilidades na autoridade xudicial. Corresponderá ao xulgado competente a adopción de medidas administrativas de paralización dos traballos nos casos de risco grave e inminente para a seguridade ou saúde do traballador.

- A Administración absterase de seguir o procedemento sancionador mentres a autoridade xudicial non dite sentenza firme ou resolución que poña fin ao procedemento. O anterior non impedirá que a Administración adopte medidas administrativas de paralización dos traballos nos casos de risco grave e inminente para a seguridade ou saúde do traballador.

- A Administración continuará tramitando o procedemento sancionador ata a proposta de sanción, comunicando esta á autoridade xudicial, que, en caso de ditar sentenza condenatoria, incorporará nesta as sancións administrativas pertinentes. Corresponderá ao xulgado competente a adopción de medidas administrativas de paralización dos traballos nos casos de risco grave e inminente para a seguridade ou saúde do traballador.

2. María traballa na empresa GHTRCX, SA, no centro de traballo de Albacete. O Xulgado do Penal dita unha sentenza pola que condena o seu exmarido por un delito de violencia de xénero. Ante esta situación e para evitar estar na mesma cidade que o condenado, María solicita á empresa o traslado ao centro de traballo que esta ten en Madrid. Ten María dereito a este traslado?

- Ten dereito a ocupar outro posto de traballo, do mesmo grupo profesional ou categoría equivalente, que a empresa teña vacante en Madrid ou, en caso de non existir vacante, que a empresa cree ex novo. A empresa deberá reservar durante seis meses o posto en Albacete, momento en que María deberá optar por un dos dous postos.

- Ten dereito preferente a ocupar outro posto de traballo, do mesmo grupo profesional ou categoría equivalente, que a empresa teña vacante en Madrid. A empresa deberá reservar durante seis meses o posto en Albacete, momento en que María deberá optar por un dos dous postos.

- Ten dereito preferente a ocupar outro posto de traballo, do mesmo grupo profesional ou categoría equivalente, que a empresa teña vacante en Madrid. A empresa deberá reservar durante un ano o posto en Albacete, momento en que María deberá optar por un dos dous postos.

- Ten dereito a ocupar outro posto de traballo, do mesmo grupo profesional ou categoría equivalente, que a empresa teña vacante en Madrid ou, en caso de non existir vacante, que a empresa cree ex novo. A empresa deberá reservar durante un ano o posto en Albacete, momento en que María deberá optar por un dos dous postos.